

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de OUTUBRO DE 2002**

ORDE DO DÍA dos asuntos a tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, día 25 de outubro de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

1.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm.14.200 á núm 15.799

Economía, Facenda e Especial de Contas

2.- Modificación das Ordenanzas Fiscais e reguladoras de prezos públicos que rexerán para o exercicio 2003.

3.- Expediente de Modificación de créditos núm. 3/02 de aprobación polo Pleno da corporación.

Cooperación e Asistencia ós Concellos

4.- Proposta de aprobación de informe da deputación tocante á modificación dos estatutos da Mancomunidade Ría de Arousa Norte, integrada polos Concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

5.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Campo de fútbol do Burgo-Módulo 4b” do Concello de Culleredo incluída na 2ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes. Código 00.3420.0129.0.

Vías e Obras

6.- Aprobación da 3ª fase do Plan de vías provinciais 2002 do proxecto complementario núm. 1 da obra de “Ampliación e mellora de calzada seguridade vial da EP 4901 San Ramón a Cristo do Rañal Pk. 0,000 ó Pk. 0,600- Moeche”.

7.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución das obras comprendidas no proxecto de ampliación e mellora de trazado EP 1105 Noia a Cabo de Cruz Pk. 2,100 ó 6,100 (Concello de Lousame).

8.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución das obras comprendidas nos proxectos de ampliación e mellora do trazado EP 1909 Carballo a Caión e acceso á laguna Pk. 1,700 a 6,000, Pk. 6,000 a 12,000 e Pk. 12,000 a 15,630 (Concello de Carballo-Laracha).

9.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución das obras comprendidas no proxecto modificado de ampliación e mellora do trazado EP 8401 de Tablilla a Agromestre por Pontepedra Pk. 0,000 ó 5,640 (Concello de Tordoia).

10.- Aprobación da Modificación do proxecto grupo 9: Oleiros, Sada e grupo 38: EP 5813 de Oleiros a Sada, incluído no Plan de conservación de vías provinciais 2001.

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

11.- Convenio coa Asociación de ex-alcólicos de Ferrolterra, para financiamento das obras da unidade asistencial en Ferrol.

12.- 12ª fase do Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña.

13.- Anulación da obra aprobada ó concello de Cariño, cód. 01.4300.0099.0 pertencente ó Plan XXI fomento da natureza.

14.- Aprobación da desagregación da obra 01.4200.0032.0 do Concello de Malpica de Bergantiños.

15.- Aprobación 2ª relación obras, subministracións e servizos do “Plan XXI de Turismo da natureza da provincia da Coruña”, anualidade 2002.

Cultura, Deportes e Xuventude

16.- Aprobación do Plan de financiamento plurianual das obras de construción do local social da AA.VV. “Serafín Zas” da Rocha, Santiago.

17.- Modificación do proxecto de obras en instalacións deportivas no Concello de Betanzos.

Persoal, Réxime Interior e Informática

18.- Aprobación reclasificación postos de traballo, modificacións da relación de postos de traballo ano 2002 y modificacións plantilla ano 2003.

19.- Aprobación prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante concurso con procedemento aberto dos servicios consistentes na implantación, posta en marcha e xestión dun plan de pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña.

20.- Aprobación incremento das dotacións orzamentarias como complemento de produtividade do persoal funcionario e laboral.

21.- Dar conta do nomeamento do viceteseoureiro desta deputación.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE OUTUBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de outubro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asisten os Sres. Poza Domínguez e Pose Miñones.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM.14.200 Á NÚM 15.799

A corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 14.200 deica a núm. 15.799.

2.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE REXERÁN PARA O EXERCICIO 2003.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Con brevidade, porque en calquera caso supoño que os argumentos que vou utilizar son, en certa maneira, reiteración de debates que vimos dando cunha intensidade anual, cada vez que se trae a modificación das ordenanzas fiscais desta institución, pero en calquera caso non queremos perder a posibilidade sobre todo de facer unha reflexión de cousas que a nosoutros nos parece que quedan no tinteiro e que se puideran facer e non se fixeron. Digo que o debate, en certa maneira, é un pouco reseso porque é a repetición do que xa se dixo o ano pasado e outras ocasións, digo isto porque a conclusión do que hoxe imos discutir aquí se reduce en algo que constatamos sempre cando debatemos o proxecto orzamentario, e cando no capítulo de ingresos observamos que, sendo esta unha institución local, a incidencia

que ten a política fiscal, fundamentalmente a política recadatoria de taxas e prezos públicos dentro do capítulo de ingresos, pois é unha incidencia que ben se podía cualificar de nula. E a un se lle ocorre ás veces que, a verdade, para o traballo que nos dá anualmente a revisión que facemos das taxas e prezos públicos, pois case case podíamos deixalos como estaban porque mesmo, como explicarei máis tarde, a porcentaxe da subida que se fai non solventa o problema de fondo.

Lúa eu estes días no informe que fixo a Xunta de Galicia ós orzamentos das deputacións galegas, hai un informe específico referido á Deputación da Coruña e centrado no orzamento do ano 2001, hai unha especie de análise de cal é a incidencia das taxas no capítulo de ingreso das deputacións, sendo no caso concreto da provincia da Coruña o máis baixo en porcentaxes, e digo este dato porque é interesante, mesmo fai unha lectura de que no ano 2001, mentres que houbo unha tendencia no resto das deputacións a unha certa subida, e non tan certa nalgúns casos, no caso da Deputación da Coruña con respecto ó orzamento do ano 2001 houbo unha baixada do 2,4%. Pero digo isto simplemente a título de exemplo, para poñer sobre o tapete que, efectivamente, hai aquí un debate que non está dado en toda a súa amplitude e que nosoutros pensamos que debera de levar, canto menos, a unha reflexión, e digo isto sobre todo porque estamos no prólogo, se é que non se empezou xa, da organización e elaboración dos orzamentos para o ano 2003.

Os informes que elaborou a Intervención desta casa respecto ós proxectos de orzamentos, e continúo con iso, seguro que son claros respecto á escasa ou pequena incidencia que este capítulo representa dentro do conxunto dos ingresos da Deputación da Coruña. E para nosoutros é unha cousa preocupante, porque se é certo que a Deputación da Coruña ten que aplicar un sistema fiscal que é similar, ou que, dalgunha forma, parte da mesma base que o sistema que estamos aplicando nos concellos, nas institucións locais, das cales sempre se di que a deputación é unha delas, non é certo que calquera que vexa a incidencia que ten na maioría dos concellos o capítulo de ordenanzas fiscais e o que ten, en porcentaxes, a Deputación da Coruña é un mundo totalmente á parte.

Pero en calquera caso, quería dicir aquí que como mostra do que estou concretando, no informe que elabora a propia Intervención respecto á proposta que hoxe se trae aquí, no capítulo de conclusións, na páxina 4, dise que: "...no expediente pónense de manifesto as diferencias entre o custo estimado dos servizos prestados e o rendemento previsible deles, baseándose nisto a Intervención informou en varias ocasións a necesidade de axustar máis a relación custo-rendemento, sen prexuízo dos expostos nos que por razóns específicas houbera que aplicarlle o establecido no artigo 45.2 da Lei reguladora de facendas locais". E termina: "...o incremento global dos rendementos previsibles, mantendo constantes as demais circunstancias que poden incidir neles, vai ser substancialmente inferior ó IPC de referencia, de abril de 2001 deica abril de 2002.

Indo xa ó concreto, co acordo que imos tomar nosoutros hoxe aquí pensamos que supón na práctica pasar suavemente sobre un tema que a nosoutros nos gustaría que se tocara máis en profundidade, e sobre as propostas concretas que se traen son un pouco consecuencia do que acabamos de dicir, é dicir, na maioría das taxas que se van modificar proponse exclusivamente un aumento da porcentaxe do 2% e punto, non se toca, non se aplica máis baremo ca ese, e no caso da Ordenanza fiscal núm. 11, reguladora dos servicios e establecementos provinciais de servicios sociais propóñense modificacións que afectan a algo máis cá subida desa porcentaxe. Por certo, queremos aproveitar para dicir que está moi ben que se modifiquen os baremos pola utilización en función de situacións novas que se van creando, pero non ocultemos que a gran situación nova que temos creada desde hai tempo e que non afondamos nela foi como é posible que no día de hoxe aínda sigamos sen saber cál é a política da institución provincial da Deputación da Coruña respecto á transferencia de determinado tipo de centros que deberían de estar competencialmente en mans da comunidade autónoma, e aínda siguen hoxe en mans da Deputación da Coruña, estamos no século XXI e seguimos debatendo o mesmo que debatíamos no século XX, que é que hai que facer, qué estratexia hai que levar para conseguir a transferencia deses centros a estas alturas.

Polo tanto, xa resumindo, no plano económico pensamos nosoutros que as modificacións -pensamos nosoutros non; é evidente polos datos que se achegan aquí-, que as modificacións van ter nula incidencia, case a un lle dá a impresión de que custa máis o traballo que levou facer a modificación nos servicios correspondentes desta casa que o impacto económico que van ter nas arcas da institución. E no plano político, para nosoutros o máis importante, pensamos que se aparca o debate de fondo respecto ó que debería de ser a política fiscal.

E termino cunha pregunta, a nosoutros gustaríanos saber, e ó mellor esta pregunta serve para que se desvele cando debatemos os orzamentos, pero en todo caso queremos situala hoxe aquí: é un pouco rechamante, por denominalo dalgunha maneira, e non quero ser eu o que utilice cualificativos que poden soar máis fortes, pero é, canto menos, rechamante que non falemos do imposto de actividades económicas. Hai un debate na sociedade, hai un debate importantísimo, unha gran preocupación, primeiro nos sectores afectados polo imposto de actividades económicas, e despois fundamentalmente no conxunto das corporacións locais, que van ser afectadas. Aquí modificamos as ordenanzas, e unha das ordenanzas, por certo a ordenanza que si ten impacto nas arcas da deputación, que é a recarga provincial sobre o imposto de actividades económicas, nin sequera superficialmente toquemos o tema do que pode pasar co IAE, aínda que eu sei que aquí hai xente moi especializada, que seguramente -porque escribe xa diso-, vainos abrir os ollos, pero en todo caso a nosoutros gustaríanos que no debate interno da deputación se abriera unha discusión respecto a este tema, e fundamentalmente tamén para saber cómo lle vai afectar ó cidadán,

cómo lle vai afectar ós concellos, e cómo por certo, tamén lle vai afectar á propia Deputación da Coruña, porque se desaparece o IAE, desaparece tamén a recarga.

Entón, nesa liña -termino-, nosoutros ímonos abster, porque pensamos que, xa digo, economicamente isto non vai ter impacto, e politicamente perdemos unha ocasión de ouro para dar un debate máis profundo sobre este tema. Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Indubidablemente imos debater un tema importante de cara ó capítulo de ingresos da Deputación da Coruña, digo que é importante porque aínda que esta entidade provincial é unha entidade que ten unha dependencia orzamentaria debate aquilo que autonomamente vaia repercutir na política de ingresos correspondente ó exercicio, neste caso, de 2003.

O noso voto na comisión foi de abstención, motivado entre outras cousas porque non viamos claro a ordenanza fiscal núm. 5, unha ordenanza fiscal que, á parte de ser consensuada, neste caso polos grupos, sobre todo o grupo popular e o grupo socialista no seu momento, e que o grupo socialista, como ben recordaremos todos, tomou distintas iniciativas de cara á mellora da recadación, xestión e inspección tributaria, de cara a eses 82 ou 84 concellos -non teño o número exacto agora aquí, xa que houbo variacións-, e nese momento déusenos a explicación concreta de que se van manter os parámetros, senón sería cambiar os acordos que temos cos concellos.

Con respecto á ordenanza sobre o imposto de actividades económicas, neste momento está sufrindo un trámite parlamentario, o grupo socialista espera que se lle dea unha solución concreta e que non é este o foro de debate, aínda que si a ordenanza núm. 6 nos fala da recarga provincial, neste caso do 25% que se mantén, e simplemente dicir que se incrementan o que marca o anteproxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, que é do 2%, cando o IPC sofre un incremento considerable, e aquí o aspecto negativo, non desta institución, senón na política do Goberno central do Partido Popular, ó non conter debidamente os prezos; non se mellora esta tarefa do IPC, pero tampouco esta é a cámara onde o hai que debater.

Despois de facer unha análise exhaustiva, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o grupo socialista vai emitir o mesmo voto favorable a estas ordenanzas fiscais, que consideramos que son, neste momento, as menos malas que pode haber para recadar taxas e prezos públicos da Deputación da Coruña.

Moitas gracias.

Sr. Erias Rey

Dous comentarios breves: en primeiro lugar, agradecerlle ó Partido Socialista o darlle a sensatez a un debate dun punto que é unha esixencia o traelo aquí para aprobar antes de presentar o orzamento preventivo, como será no seu debido momento, e polo tanto saber que co único que está actuando este equipo de goberno á hora de realizar as previsións no tocante a ingresos é, sendo escrupulosamente respectuoso coa legalidade vixente, pois tamén marcar cales son as tendencias polas cales cremos que debe discorrer o futuro desta deputación.

Sr. Rodríguez Doval, no tocante ó informe dos orzamentos da Xunta, diga que a Deputación da Coruña é a única de tódalas deputacións galegas que reduciu as taxas e a presión que os cidadáns teñen que soportar, dígalle que nos enorgullece a todos, e a vostede tamén debería de enorgullecerlle, pero ben, vexo que ten outro criterio da fiscalidade, o cal de momento non compartimos, pero esperemos proximamente que transforme o seu punto de vista porque senón, explíquelles vostede ós veciños a fiscalidade que teñen que soportar para prestar determinados servizos, non se entende moi ben o que vostede pretendería facer en caso de que tivera esta responsabilidade. Polo tanto, desde a perspectiva de que na Deputación da Coruña as taxas son máis reducidas ca nas outras, sentímonos moi satisfeitos; é ademais unha actitude deliberada, non é froito da casualidade, senón que deliberadamente perseguimos isto, lembre o Sr. Rodríguez Doval que na recarga provincial do imposto de actividades económicas na primeira oportunidade que tivemos reducimos esa recarga, polo tanto creo que non é froito dunha casualidade, senón que é froito de algo que deliberadamente buscamos.

(Entra o Sr. González Garcés).

Despois, hai un comentario, os dous grupos, polo que entendín eu, de por qué non se actualizaban as taxas e prezos públicos coa taxa interanual de inflación, pois ben, tamén en máis dun debate xa o sinalamos: un goberno responsable que busque o ben dos seus administrados, debe perseguir a estabilidade; perseguir a estabilidade non é contribuír á existencia de tensións máis inflacionistas para o futuro, polo tanto indiciar coa inflación pasada non é mellor forma que facelo coa inflación prevista; nosoutros temos un compromiso coa estabilidade e ese compromiso esíxenos a todos que nas contas públicas e noutro tipo de actividades xa máis privadas, pero sobre todo na esfera que estamos falando, indicemos todo tipo de subida coa inflación prevista, é a mellor maneira de desenvolver entre todos o benestar que queremos todos, que non teño dúbida ningunha, para o futuro; polo tanto, por iso facémolo co 2% e non o facemos co 3,6% que é certo que é a taxa interanual, hai un desfase, pero atribuírle os desfases ós gobernos..., xa lles gustaría ós gobernos poder incidir sobre os prezos, non teña dúbida ningunha, Sr. Lagares, que se do goberno dependese, a taxa de inflación estaría situada nese 2%, que se anticipa que é o desexo que queremos cumprir.

Desfaortunadamente, entre comiñas, cada paso máis nunha unión monetaria os gobernos teñen menos incidencia e menos oportunidades para controlar os prezos, a única oportunidade que teñen é flexibilizar a economía para que a través da competencia se produza unha asignación máis eficiente dentro da propia sociedade que se traduza en que os prezos non presionen á alza porque existen rixideces, tanto desde o lado da demanda como desde o lado da oferta.

Polo tanto, ditas estas consideracións de tipo xeral, eu penso que no do IAE xa cada un ten claro as súas posicións, eu penso que non é necesario soltar máis doutrina, pero en todo caso, o que non funciona axeitadamente, debemos convir todos, que é prudente suprimilo, e a partir de aí xerar incentivos para cooperar na mellora do benestar da cidadanía, e se iso serve para que haxa máis enerxías renovables, para que haxa máis compromiso coa compatibilidade da vida familiar e a vida laboral a través dunha política social de empresa moito máis potente, ou se iso serve para xerar emprego, pois benvida sexa a supresión deste tipo de impostos, ou a paralización que, no seu caso, aqueles que non cooperen terán que soportar, porque tamén hai que dicilo: cando hai unha acción deliberada para que algo se comporte de tal maneira, o que non quere comportarse é libre de non facelo, pero tamén ten que ter presente que non pode recibir os beneficios que entre todos estamos proporcionando.

Eu penso que as ordenanzas son unhas ordenanzas responsables co que as deputacións representan, que intentamos aproximar o que é o custo e o rendemento, iso téntase, non se conseguen todas porque hai unhas prioridades ás que debemos responder, e cando falamos, por exemplo, da tarifa segunda da ordenanza número II podemos atopar que hai algún desfase, claro que o hai, pero tamén a deputación considera que iso é unha tarefa prioritaria e polo tanto debe atendela co compromiso de financiar a diferenza que exista entre o custo de prestación do servizo e a recadación en concepto de prezo de taxa.

Por outro lado, sinalar que, evidentemente, cumprimos co compromiso adquirido cos concellos, queremos incluso prestar máis servizos, proximamente anunciaremos esas oportunidades que van ter tamén os concellos, e nas ordenanzas fiscais non fixemos outra cousa que tecnicamente traducir os acordos que se adquiriran.

Quero reiterar outra vez o agradecemento ó Grupo Socialista porque entendo que desde a perspectiva da oposición as suxestións que fan son moi positivas para mellorar entre todos o que é a institución provincial, e desde a perspectiva do Bloque Nacionalista Galego, vexo que entenden perfectamente todo o que é a mecánica técnica, pero aínda na implementación hai algún pequeno desfase. Nada máis.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Como o Sr. Erias xa nos puxo deberes para casa, pois escribirei catrocentas mil veces no encerado que a ver se me decato máis das cousas da economía superestructural e non tanto da doméstica. Deus me libre, e ademais non vou intentar poñerme ó nivel do Sr. Erias, porque non podo, e ademais tampouco me interesa, porque eu falaba dunha cousa, e el ... cerrei os ollos e volvíñ ler outra vez que “España vai ben”. Pero é igual; xa o sabiamos.

Primeiro unha pequena corrección: eu non dixen que a Xunta dixera que a Deputación da Coruña era a que tiña as taxas máis baixas; dixen que nunha análise dos orzamentos, -e é outra cousa moi diferente-, as porcentaxes do que significa este capítulo nos ingresos da deputación é dos máis baixos; non é o mesmo que o que vostede acaba de dicir; podemos ter os prezos máis altos, e sen embargo, porcentualmente, dentro dos orzamentos esa partida globalmente ten o índice ou a porcentaxe máis baixa. E eu dixen o segundo, non dixen o primeiro. En calquera caso, o primeiro é o tema do debate de fondo. Mire, se vostede tivese que gobernar un concello tería que dicir, pero sobre todo tería que facer todo o contrario do que acaba de dicir aquí. ¿Sabe vostede por qué defende isto na deputación? Porque temos un paraugas. Se vostede tivese que gobernar un concello, e saber que o capítulo de taxas ou de prezos públicos, neste caso concreto o capítulo de taxas, hai que facer auténticas marabillas para procurar, non xa chegar ó que di a Lei de facendas locais, de equilibrar os custos cos posibles ingresos do servizo, que iso dio a lei, non o di o Bloque; dio a lei; e aquí hai un abismo tan grande que parece que estamos nas antípodas, aquí calquera parecido entre os custos e os ingresos que se reciben non ten nada que ver, é irrisorio, e claro, iso a vostede non lle preocupa porque está na deputación, pero se estivera vostede nun concello teña por seguro que vostede habería de chegar un momento que non lle quedaría máis remedio que propor unha taxa que se suba o 50% ou o 10%; que si, que é así. E nalgúns sitios, por certo volve dicir que algúns concellos onde o Partido Popular estivo practicando durante moitísimos anos políticas de dicir que os impostos non se cobraban, tiveran que chegar gobernos alternativos que tiveron que subir impostos do 100% ó 200%, porque vostedes nalgúns concellos dicían que o lixo non se cobrara, que se recollía gratis; entón ríome eu da política fiscal. E isto é certo. Pero aquí temos o paraugas, e ese é o problema desta casa; temos o paraugas, transferencias do Estado.

Mire vostede, volve dicir unha cousa, ¿sabe por que aquí non nos temos que preocupar do imposto de actividades económicas?, ¿sabe por que non nos imos a preocupar? Porque o goberno central negociará con tódalas deputacións de que haxa sucedido, unha partida específica, similar ó que se cobrara pola recarga do imposto de actividades económicas; e xa está, morreu o conto. Pero iso non é política fiscal, nin racional, nin progresiva, nin progresista, nin nada que se lle pareza; é un parche, pero ¿sabe quen vai ter os problemas? os concellos, cando teñan que se arrimar a outro tipo de sistemas fiscais, e

ademais enfrontarse cos cidadáns. Nosoutros aquí nunca temos problemas, eu quedo admiradísimo, no tempo que levo nesta casa, que como chove diñeiro, nunca hai problemas. E iso é o problema de fondo, Sr. Erias, e eu lamento que vostede non tivera a posibilidade de gobernar un concello para encontrarse co verdadeiro problema, porque gobernar un concello e encontrarse co capítulo de ingresos si que é un verdadeiro problema, entón non me diga que nosoutros aínda non implementamos e que nos falta información; nosoutros non estamos tocando de oído, estamos tocando coa partitura; os que estean tocando de oído son outros.

Outra cousa é que a deputación é como é, e ben, ese capítulo é residual, témolo aí, e nalgún momento, ata propoñemos que desapareza porque nos dá menos chollo, porque total, como dicía o outro, para cobrar catro millóns de pesetas ó ano, é mellor que non cobremos nada, que o agasallemos, e aforramos, e o tempo que lle leva ás funcionarias e funcionarios facer cada ano as modificacións, que si que é así, que iso tamén costa diñeiro, ¿non?

Eu creo que o BNG non inventou a Lei de facendas locais, é un mecanismo que está aí, que para nosoutros tamén é obrigatorio, Sr. Erias, a Lei de facendas locais é obrigatorio tamén para esta deputación, e lea vostede o que di, entón haberá que modificala para o caso das deputacións. Estamos no problema de sempre: esta é unha corporación local, pero é moi *sui xeneris*, daquela maneira, vennos o diñeiro doutro lado, si pero non, un debate que está aí, e ese é o problema de fondo. Eu xa sei que a macropolítica da que falou vostede, a nosoutros fáltannos moitísimos datos, pero nosoutros o único que dixemos é que nos parece, e podemos estar equivocados, pero teña vostede por seguro que se nosoutros estiveramos gobernando esta institución, ou formáramos parte do goberno, intentaríamos que este debate se dera, e eu creo que é un debate que non se dá nunca, porque se pode dar esa modificación, hai que seguir, hai un marco político que nos obriga e tal, ...”; ben, punto, por aquí pasamos e non fomos capaces; pero é que ese debate non se da, ¿por que? porque malo será que non veñan outras transferencias do Estado, e total para catro pesetas que cobramos para que imos facer o esforzo de cobrar cinco, pois é igual, e vostede sabe, coma min, perfectamente, que é así.

En política pódense facer moitas cousas, co corsé que temos todos, co marco que temos todos imposto, pódense facer moitas cousas, e a primeira que hai que facer é reflexionar sobre as cousas, que eu penso que ás veces nesta casa non se fai, e a min dáme a impresión, e levo certos anos aquí, que o capítulo de taxas, o único debate que se deu aquí, bardante en dúas ou tres ocasións concretas, é a aplicación dunha porcentaxe polo que se entende que é o IPC e xa se acabou, e entre tanto, o problema de fondo segue sendo ese que se recolle no informe da Xunta e non só no da Xunta, senón no que recollemos nos informes que se fan previos á aprobación dos orzamentos cada ano aquí, que é un capítulo

irrisorio, que non ten ningún tipo de incidencia, pois é preocupante que teñamos un instrumento fiscal e que non teña incidencia, porque entón é mellor suprimilo.

A cousa é así, e eu non sei se na macropolítica que coñece vostede moi ben tamén é así, pero na micropolítica que coñezo eu é así, desgraciadamente. Entón, polo tanto, lamentamos moito non poder darlle o noso voto favorable, porque temos discrepancias de fondo con este tema, e a primeira discrepancia -repítollo-, é a falta de debate, e a falta de reflexión sobre este tema, que non está ben.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente, para facer tres matizacións puntuais. É evidente que non imos aquí a facer un debate sobre os custos dos servizos e os ingresos deles, que segundo a lei de facendas locais tense que tender a un equilibrio deles, como sabemos perfectamente todos. Pero si dúas matizacións á intervención do voceiro do grupo popular. Direille que no exercicio pasado nosoutros, aínda que votabamos a favor das ordenanzas fiscais faciamos unha crítica, e era que vostedes incrementaban o 4%, que era un IPC interanual abril-abril, 2000-2001, nosoutros entón dicíamos que era necesario seguir as directrices do propio goberno central, que curiosamente o fan este ano, que é o 2%, como tamén o era o exercicio pasado; neste ano, período interanual abril-abril, 2001-2002, é o 3,6%, co cal o IPC segue estando elevado, e con tendencia de novo a incrementarse, dado os datos desfavorables que acabamos de ver no mes de setembro pasado, que normalmente era neutro.

En segundo lugar, eu creo que na súa intervención comete un pequeno erro ó dicir que o grupo popular baixa a recarga provincial do IAE; eu creo que o mantén, manteno no 25%; eu creo que o que baixou foi o goberno do partido socialista, do 30% ata o 25%. Simplemente esas aclaracións. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Por empezar polo final, Sr. Lagares, eu o único que dixen é que a recarga no primeiro ano desta lexislatura o Partido Popular reduciuno; non fixen alusión ningunha a ningún outro grupo, e alégrome moito se a tendencia do Partido Socialista era a mesma, o cal significa que estamos unha maioría suficiente deste país representando o que os veciños queren, o que os empresarios queren, os empresarios non queren, nin as persoas, soportar fiscalidade, e sobre todo o que si observo que non queren é isto que nos di o Sr. Rodríguez Doval, mire, fixémonos todos en algo moi concreto, que é cando hai que elaborar un orzamento hai que dispor de ingresos para executar uns gastos, conforme unhas prioridades; pero claro está, o que non se pode é coller o capítulo de ingresos e empezar a buscar unha suficiencia financeira da maneira que vostede, ou eu anticipo que vostede propón, que non

sería outra cousa que aplicar unha fiscalidade, nalgúns rozando os límites de soporte da actividade económica, ou de soporte do que as persoas físicas poderían contribuír.

Polo tanto, eu o que creo que se debe buscar, e isto si que demos bastantes debates e creo que non con pouco tempo, ás veces incluso excesivo, probablemente con pouco proveito, e como agora xa o dos deberes non se leva, pois nada, permítame Deus que faga esas recomendacións a ninguén; non hai deberes, aquí non hai nada; o único que si lle digo é que non é que os ingresos non sexan problema; o principal problema está no gasto, porque se somos eficientes no gasto podemos reducir a fiscalidade que se soporta, o problema é buscar a eficiencia no gasto público, o problema é contar o gasto corrente, o problema é facer esforzos a través do que o investimento sexa rendible realmente naqueles aspectos. E isto é o debate; isto non é filosofía; isto non é retórica; isto é unha práctica concreta nesta deputación: contemos o gasto corrente, facemos un esforzo para mellorar os investimentos nas infraestructuras máis demandadas polos que son os nosos usuarios, que son os concellos, e atendendo a unha prioridade clara de cómo levan a cabo a execución dese gasto público. Loxicamente, pódese non concordar no que queremos facer, por iso, afortunadamente, existe a democracia, e uns teñen unha representación e outros teñen outra. Iso de que lamente que non sexa alcalde para facer iso, tamén o lamento eu, xa me gustaría poder facelo, pero ben, os veciños non o quixeron, e polo tanto, cadaquén está no lugar que nos corresponde.

Eu entendín ben o que dixo, entendín ben, vostede estaba falando de importancia relativa dentro do esquema do que eran os ingresos desta deputación. Pero é que ese non é o problema, porque se a importancia relativa é reducida, iso significa que o concepto que estamos analizando ten tamén pouca transcendencia dentro dese total, e para que teña pouca transcendencia significa que o que esixira para obter eses recursos é reducido. Eu intentei interpretar o que vostede me dicía; non facer unha resposta causa-efecto, eu procuro escapar diso porque é un conductismo que non me gusta nada.

En todo caso, reitero que agradezo o voto favorable do grupo socialista, intentamos desde aquí cumprir, da maneira máis adecuada, cos compromisos que este equipo de goberno ten cos concellos, que é proporcionarlles infraestructuras, e ser eficientes no gasto, e sendo eficientes no gasto, e contendo o gasto, podemos baixar os ingresos; claro, se non somos eficientes no gasto, o que lle pasa a eses concellos que me anticipa vostede, que sobeu o 50% ó 100%, ¿e por que? ben, pois claro, xa sabemos cómo pasan, e entón, sen lle pór nomes nin apelidos..., repito, preocúpense do gasto, preocúpense de seren eficientes, e xa verán como os ingresos se poden reducir, e polo tanto o que temos que soportar sexa moito menor. Máis nada. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e cun detalle que é o seguinte:

- Memoria da Presidencia emitida para dar cumprimento ó disposto no art. 218.4 do Regulamento de facendas locais.
- Proposta da Sección de Recursos Propios.
- Texto que se propón para as distintas Ordenanzas fiscais e doutras reguladoras de prezos públicos co contido mínimo que especifica o art. 16.1 da Lei reguladora de facendas locais.
- Estudios económicos financeiros de avaliación de custos e dos rendementos previsibles (art. 25 da Lei 39/1998 e art. 20 da Lei 8/1989).
- Informes preceptivos de Secretaría e Intervención Provinciais.

1º.-Conforme co disposto no art. 49 da lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, acórdase, con carácter provisional:

a) Aprobar as modificacións da Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións no Boletín Oficial da provincia (supresión disposición final segunda), Ordenanza fiscal núm. 8 reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais (art. 6.1) e Ordenanza fiscal núm. 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de servizos sociais (art. 7.3).

b) Aprobar a modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal xeral.

c) Aprobar o cambio de denominación, a modificación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal núm. 5 taxa por prestación do servizo provincial de xestión e recadación.

d) Aprobar un incremento das tarifas dun 2% para a Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións no Boletín Oficial da Provincia, Ordenanza fiscal núm. 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, Ordenanza fiscal núm. 4 reguladora da taxa servizos no Conservatorio de Danza, Ordenanza fiscal núm. 11 reguladora da taxa por servizos en establecementos provinciais de servizos sociais (tarifa 1ª), Ordenanza fiscal

núm. 12 reguladora da taxa por suscripción e venda do BOP e Ordenanza núm. 14 reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, que é o incremento da inflación previsto para o próximo exercicio 2003 polo Estado.

e) Aprobar as novas tarifas da Ordenanza fiscal núm. 11 reguladora da taxa por servicios en establecementos provinciais de servicios sociais.

2º) Este acordo expoñerase ó público no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas; en todo caso os anuncios de exposición ó público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b) da Lei 7/85 do 2 de abril e o art. 17.3, 4 da Lei 39/88 do 28 de decembro.

3º) Publicar, integramente, unha vez aprobadas definitivamente, as modificacións da O.F. núm. 2, 3, 4, 8, 10, 11, 12 e Ordenanzas reguladora do prezo público núm. 14. Publicar a modificación e redacción íntegra da O.F. xeral e O.F. núm. 5.

4º) As Ordenanzas comezarán a rexer:

a) Se non se producisen reclamacións contra estas e unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto no art. 17.4 da Lei 39/88, a partir do 1 de xaneiro de 2003.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo das Ordenanzas así como a data a partir da cal rexerán estas, trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o previsto no art. 17.4 da lei 39/88.”

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/02 DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Ignoramos se este expediente de modificación de créditos que vén a pleno será o último do exercicio, estamos a dous meses practicamente de terminar o ano, e seguramente a pouco tempo de aprobación dos orzamentos do vindeiro ano, pero en calquera caso parece que, ó igual que viñemos reiterando nos últimos debates, en concreto no expediente núm. 1 e núm. 2, discrepamos dos criterios que está utilizando o actual goberno para utilizar este

recurso, naturalmente legal e, desde o punto de vista procedementa, normal, utilízalo excepcionalmente, e encontrámonos con expedientes de modificación onde, sorprendentemente non figuran cousas que nosoutros entendemos que deberan figurar, e si figuran outras que parece que obedeceran máis ben a outro tipo de necesidades.

Queremos destacar do conxunto do expediente catro puntos. O primeiro deles, que ademais é, digamos, o que máis impacto específico ten, aínda que hai outro tamén que economicamente, supón máis investimento, pero digamos que o que ten máis impacto, que sería a achega ó consorcio provincial do servizo de salvamento contra incendios, do cal xa demos un debate profundo, e quero lembrar aquí que o noso grupo presentou unha serie de alegacións á aprobación inicial por unha cuestión de fondo de como nosoutros entendiamos que se debía de prestar un servizo destas características, por unha concepción do que nosoutros entendemos que debe de ser a ordenación do territorio, pero tamén facendo fincapé en temas moi concretos, e un deles era precisamente un parágrafo que eu, case case releo que era que non existía partida específica, non existía dotación orzamentaria para facer fronte ó que se derivaba da aprobación dese famoso consorcio provincial; aquí houbo un debate, houbo pros e contras, houbo afirmacións, houbo denegacións, e a conclusión á que un chegaba era que estabamos equivocados e que algunha partida tiña que haber. Coa aprobación desta partida de hoxe demostrábase que efectivamente, no momento en que se aproba o consorcio non existía partida específica, o cal demostra que, canto menos, é unha das alegacións que presentaba o noso grupo político tiñamos razón, é dicir, que non orzara para facer fronte ó que se derivaba.

Por certo, queremos dicir aquí que nos gustaría saber se a Xunta fixo a liquidación -porque foi un dos temas tamén de debate naquel momento-, se a Xunta fixo a liquidación das débedas que tiña coa deputación, falouse aquí e polo tanto tamén consta nas actas correspondentes, dos capítulos dotacionais que correspondían á comunidade autónoma que aquí se verificou que estaban sen transferir a esta institución, á deputación.

160.300 euros para a chamada nova plataforma informática. Isto é, como se di agora, a versión remix, como sucede no tema das gravacións musicais, isto é a versión remix dunha cousa da que levamos falando desde hai tres anos e pico, pero non a vimos aínda é dicir, aquí falamos e chamouse de diversas formas, isto é como unha especie de disfraces onde cada vez se nos presenta dunha maneira diferente, e por certo, ás veces tamén nos despistamos e non sabemos realmente que é o que se quere facer, porque isto despista, non se sabe se é o Plan de informatización, se é o plan de ..., non sei, en fin, outra cousa que había por aí que xa non me acordo mesmo cómo se chamaba, pero é certo que imos acabar a lexislatura, queda un ano moi escaso, e é evidente que a xoia da coroa, que era o Plan de informatización, pois en fin..., *no comment*, como dicía o outro ¿non? O que si é certo é que hai trasvase de diñeiro, hai trasvase de diñeiro para unha cousa, para outra, pero a min gustaría saber cál é a actuación nese plan, perdón, nova plataforma informática, versión

actualizada, do que se vai facer. Por certo, quería chamar a atención que a ver se nesa nova plataforma, moderna, pódese ler un documento de *word*, por exemplo, é dicir, aquí aínda seguimos tendo un sistema que se denomina amipro, que é unha cousa rarísima, tan rara, como por certo, a existencia das deputacións nun estado autonómico, pero desde logo o do sistema amipro é alucinante porque eu onte quedei cun traballo a medio facer porque traballei co meu ordenador, e quixen velo aquí e aparecíanme cousas que parecían nun idioma que debe de ser o que utiliza Al Qaida, que agora está por certo moi de moda. Eu non o abrín, por medo a que houbera un virus ou cousas peores. Pero digo isto nun tono, ¿verdade?, permítaseme neste debate e tal, pero é que é certo, ¡eh!, é que é alucinante que non se poida abrir nun ordenador da deputación un documento de *word*, xa non entro noutro tipo de historias. Entón, agardo que coa versión remix da nova plataforma informática poidamos, antes do mes de abril do ano 2003, abrir un documento de *word*, xa non digo facer outras cousas.

109.953 euros para facer fronte a unha sentenza por un conflito que se deu na adxudicación da campaña de marquesiñas que fixo esta deputación. Simplemente quería dicir que non é unha responsabilidade do BNG, e que hai que andar con moita cautela cando se fan as cousas así, pensando que os tribunais tardan moito e tal, e despois vémonos na obriga de pagarlle a unha das empresas que recorreu, porque parece que, efectivamente, tiña razón, polo menos déronlla os tribunais. Entón, eu faría unha chamada a un maior sixilo, a unha maior cautela neste tipo de historias, e que vixiemos ben que todo o que fagamos sexa o máis legal posible. Simplemente digo iso.

Non entro no tema da liquidación de obras e reformados porque é máis do mesmo, e aínda que sexan partidas pequenas, pois é o debate de sempre, de cómo se fan os proxectos, e despois cómo se executan, e do que pongamos despois en cartos para facer fronte a esas necesidades.

Si entro no das estradas, aínda que será un tema que seguramente poderemos tocar máis adiante porque o BNG ten unha opción específica, está moi ben, unha partida importantísima, de moito diñeiro para expropiacións e anuncios correspondentes ós expedientes expropiatorios, pero penso eu que tamén sería interesante que deramos o primeiro debate, tan importante é ter os cartos para expropiacións como importante, e fundamental, e prioritario, é saber con que criterios se executan os plans de estradas desta casa. Entón, mesmo se conseguíramos que hoxe ata aprobáramos as dúas cousas e foran paralelas, pois como dicía o outro, fabuloso ¿non?, xa falaremos logo disto.

En todo caso, nosoutros o que percibimos, e xa vou terminando, do contido do expediente de modificación de créditos é, naturalmente unha partida que a nosoutros nos parece importante, primeiro porque transcende, e aínda que está localizada é un concello, eu creo que transcenden á propia situación do concello, trátase dun investimento que vai ter

efectos positivos, fundamentalmente para os mozos e mozas que utilizan o campo de Esteiro de Ferrol, que non son, como todo o mundo sabe, da localidade de Ferrol, mesmo da comarca, e polo tanto nosoutros pensamos que é un capítulo máis na dignificación e na actualización das deficiencias coa que naceu ese campus, que todas e todos xa sabemos. Entón saudar desde aquí, e agradecer, pola parte que me pode tocar a min como persoa que está situada naquela zona, pois agradecer esta disposición da deputación da Coruña para un tema que ademais sabemos que non é da súa competencia, iso si que é certo.

En todo caso, en conxunto, e xa concreto a nosa posición, nosoutros imos manter un posicionamento de abstención polas razóns que acabo de dar, é dicir, entendemos que figuran temas que non debían de figurar aquí, e entendemos ademais que estando practicamente ó termo do exercicio hai outras cousas das que sería interesante que se falara e non figuran. Polo tanto, en conxunto -outra cousa sería individualmente sobre algunhas das cousas que veñen-, pero o expediente vótase en conxunto, e entón nosoutros imos manter esa posición de abstención. Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

O grupo socialista vai manter o seu posicionamento, que xa expuso na comisión informativa correspondente, favorable a este expediente de modificación de créditos. Entendemos que os eixes principais del, despois de facer a análise correspondente, son favorables, posiblemente algún aspecto moi puntual sería discutible, pero no conxunto parécenos que é atinado este expediente. Polo tanto mantemos o noso posicionamento de voto afirmativo. Gracias.

Sr. Erias Rey

O expediente de modificación de créditos número 3 responde ó que responde un expediente modificativo de crédito, a dar solución de continuidade a un compromiso adquirido por parte desta corporación. O grupo de goberno indicáranos cando someteramos para aprobar o orzamento preventivo de 2002 que non íamos orzar máis ben a facer o contrario, que determinadas actuacións non se ían dotar financeiramente ata o momento no que fora necesario que esa dotación estivera recollida dentro da partida correspondente. Nese senso somos coherentes con este anuncio feito xa no mes de novembro do ano pasado, porque o 71,29% deste expediente modificativo de crédito son suplementos de crédito, é dicir, partidas que, estando no orzamento, non teñen a dotación suficiente para poder acometer ditas accións e asemade consideráramos urxentes, porque claro, é que se non foran urxentes non tería ningún senso utilizar este mecanismo. Pois sendo urxentes, e estando contempladas xa no orzamento que se querían facer, o 70% do que aquí propoñemos hoxe para aprobar estaba xa previsto realizalo.

En segundo lugar, na distribución de gasto corrente e gasto de investimento, para os capítulos VI e VII destínase deste expediente máis do 90%, polo tanto tamén continúa existindo esa coherencia co expresado claramente no que podía deducirse como unha política orzamentaria anticipada a través do documento dos orzamentos de 2002 desta entidade.

E xa por último recalcar: a prioridade de estradas é unha prioridade do presidente da deputación, e esa prioridade estámola cumprindo, e se é necesario suplementar o capítulo de expropiacións porque dispoñemos de proxectos, porque estamos xa en condicións de poder executar as obras, pois non teñan ningunha dúbida de que imos seguir facéndoo, creo -nunca se pode dicir nada definitivo, porque alguén dicía que a morte e os impostos son o único certo-, pois ben, creo que non vai haber máis expedientes modificativos de crédito, pero afirmalo taxativamente tampouco sería moi responsable. En todo caso, os expedientes van responder sempre ó que xa lles anunciamos previamente: por unha parte, suplementar orzamentariamente aquilo que non se dotara, porque non se trataba de inflar artificialmente o orzamento, podíamos ter dotado as estradas no plan de acción con 1.500 ou 2.000 millóns de pesetas das de entón; podíamos facelo, pero ¿e se os proxectos non se acababa de dispor deles nunha redacción adecuada para executar que queriamos levar a cabo? pois non sería moi adecuado elevar o endebedamento simplemente por eses aspectos meramente formalistas. Creo que é moito máis responsable, e moito máis comprometido aquel esforzo político para lles explicar ós demais pois que a vontade está en facelo, e está en facelo cando se pode facer. A pesar de que todos desexamos transformar de hoxe para mañá as cousas, levan un certo tempo. E por iso lles digo, agradecendo os comentarios feitos, que no fondo responden ó que hoxe lles estou enunciando, e en coherencia co que previamente falamos das ordenanzas, que este expediente era un expediente necesario, é o número 3 de todo o exercicio de 2002, a rotundidade para lles dicir que non vai haber máis non quero usala, pero case seguro de que non vai haber máis expedientes modificativos, e en segundo lugar, a importancia relativa e o peso relativo dentro do gasto corrente e o gasto de investimento, leva máis do 90% o investimento, e no que atende ás necesidades prioritarias deste equipo de goberno detectadas a través do contacto cos concellos, as estradas son a acción básica que estamos fomentando; e logo algúns outros servicios, que sen dúbida tamén son necesarios para prestar eficazmente ós concellos, non asumindo competencias de terceiros, senón prestar eficazmente os servicios ós cales estamos obrigados, sexa cal sexa o nivel de Administración, sexa cal sexa, e sen parcelar nada máis, pois se fora posible que o voto favorable por parte dos tres grupos tamén o agradeceríamos porque no fondo o noso empeño non é outro que gobernar para todos. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e cun detalle que é o seguinte:

-Memoria da Presidencia.

-Detalle das partidas orzamentarias para suplementar ou habilitar crédito, e o medio de financiamento previsto para este.

-Propostas das distintas unidades, detallando o carácter específico e determinado do gasto que se vai realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

-Informe da Intervención Xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1.-Aprobación inicial do expediente de Modificación de créditos núm. 3/02 de competencia do Pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 3.243.149,19 euros, e que ofrece o seguinte resumo:

AUMENTOS:

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 931.279,66

SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO 2.311.869,53

TOTAL AUMENTOS **3.243.149,19**

BAIXAS: (Financiamento)

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN 877.345,08

RX. R.T. GASTOS XERAIS 2.365.804,11

TOTAL BAIXAS **3.243.149,19**

2º.-Expoñer ó público o dito expediente no BOP durante un prazo de quince (15) días hábiles, para os efectos de reclamacións contra este, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado real decreto 500/90, do 20 de abril.”

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INFORME DA DEPUTACIÓN TOCANTE Á MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE RÍA DE AROUSA NORTE, INTEGRADA POLOS CONCELLOS DE RIANXO, BOIRO, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIBEIRA.

INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Simplemente para anunciar a abstención do Bloque Nacionalista Galego neste punto. Coma sempre nosoutros posicionámonos con abstención porque entendemos, en primeiro lugar, que a deputación non tiña que se posicionar sobre estes temas, aínda que xa sabemos que se o fai é por imperativo legal. En calquera caso direi tamén que hai un informe de Secretaría, absolutamente contradictorio coa proposta de aprobación, polo tanto, nosoutros mantemos neste senso a nosa posición de abstención.

(Sae o Sr. Lagares Pérez).

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG e 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a modificación dos Estatutos da "Mancomunidade Ría de Arousa Norte", integrado polos Concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, co obxecto de solicitar o preceptivo informe desta deputación e tendo en conta o disposto no artigo 143 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Informar favorablemente a modificación dos Estatutos da "Mancomunidade Ría de Arousa Norte", integrado polos concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.”

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMPO DE FÚTBOL DO BURGO-MÓDULO 4B” DO CONCELLO DE CULLEREDO INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 00.3420.0129.0.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Reiterar máis nada que a posición de abstención, dado que é un reformado con incremento de orzamento. Gracias.

(Saen o Sr. Erias Rey e o Sr. López Crespo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (13 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 6 deputados (4 do BNG e 2 do PP por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 146.845,77 euros sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra “Campo de fútbol do Burgo-módulo 4-B” (Código 00.3420.0129.0) que foi incluída na 2ª fase de anualidade 2000 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 30.05.01.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do Proxecto reformado que ascende a 24.059,00 euros sobre contrata e 18.995,19 euros sobre adxudicación, séndolle asignado ó Proxecto reformado o código núm. 00.3420.0129.5.

Este incremento financiarase integramente pola deputación.

Con iso, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

Código reformado: 00.3420.0129.5	FINANCIAMENTO DEFINITIVO
	Anualidade 2000
Deputación	116.795,16
Conc. F. Propios	30.050,61
Total.....	146.845,77

2º.-Someter este expediente a exposición pública durante un prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitirilo no mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

6.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2002 DO PROXECTO COMPLEMENTARIO NÚM. 1 DA OBRA DE “AMPLIACIÓN E MELLORA DE CALZADA SEGURIDADE VIAL DA EP 4901 SAN RAMÓN A CRISTO DO RAÑAL PK. 0,000 Ó PK. 0,600- MOECHE”.

INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Outra vez o noso posicionamento, coma sempre, neste punto vai ser de abstención. Neste caso chamar a atención de que non se pode chamar plan, ou fase, non sei qué, a unha obra. En calquera caso, a nosa abstención non quere dicir que creamos que esa obra non é necesaria pero si que seguimos dicindo o mesmo que dixemos cando se fixo o programa, cando se fixeron os plans e todo o demais, que segue sen haber uns criterios claros, e desde logo, non ten racionalidade ningunha chamarlle fase a unha obra soa, que é este caso, porque

a este paso podemos chegar á fase 25 claro. Mantemos o noso posicionamento de abstención. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (13 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a 3ª fase do Plan de vías provinciais 2002 e tomar en consideración o Proxecto complementario núm. 1 da obra de “Ampliación e mellora de calzada seguridade vial da EP 4901 San Ramón a Cristo do Rañal P.K. 0,000 ó P.K. 0,600 - Moeche, código 02.1110.0036.0 incluído neste, cun orzamento de 47.813,55 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03.

2.-Expoñer ó público o citado Proxecto mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado.”

7.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO EP 1105 NOIA A CABO DE CRUZ PK. 2,100 Ó 6,100 (CONCELLO DE LOUSAME).

(Entra no salón o Sr. López Crespo).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto E.P. 1105 Ampliación e mellora de trazado EP 1105 Noia a Cabo de Cruz P.K. 2,100 ó P.K. 6,100.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

8.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PROXECTOS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO EP 1909 CARBALLO A CAIÓN E ACCESO Á LAGOA PK. 1,700 A 6,000, PK. 6,000 A 12,000 E PK. 12,000 A 15,630 (CONCELLO DE CARBALLO-LARACHA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas nos proxectos EP 1909 Ampliación e mellora do trazado EP 1909 Carballo a Caión e acceso á Lagoa (3 proxectos A: P.K. 1,700 a 6,000 B)P.K. 6,000 a 12,000 e C)P.K. 12,000 a 15,630.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

9.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO EP 8401 DE TABLILLA A AGROMESTRE POR PONTEPEDRA PK. 0,000 Ó 5,640 (CONCELLO DE TORDOIA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Dar por cumprimentada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto modificado de Ampliación e mellora de trazado EP 8401 de Tabilla a Agromestre por Pontepedra PK 0,000 ó 5,640.

2.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

10.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO GRUPO 9: OLEIROS, SADA E GRUPO 38: EP 5813 DE OLEIROS A SADA, INCLUÍDO NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2001.

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros imos votar favorablemente a este punto, pero quixeramos facer unha reflexión que pon de manifesto a falta de dilixencia na tramitación de expedientes nesta deputación. Mediante Resolución da Presidencia con data do 18 de xaneiro de 2002 do presente ano, declarouse a resolución do contrato desta obra, é dicir, en xaneiro do ano 2002; hoxe é 25 de outubro do ano 2002 e preséntase a este pleno a aprobación da modificación do proxecto do grupo 9, dunha obra de conservación que tería que estar executada xa no ano 2001, porque a conservación de estradas sempre se fai no mesmo ano en que se aproba, e pode darse incluso o paradoxo de que cando esta obra se adxudique xa está feita a conservación do ano 2002, pode darse ese paradoxo. Entón, reclamar máis nada que haxa unha maior dilixencia na tramitación de expedientes, porque non é sensato, nin razoable, nin prudente, que unha obra na que se resolve o contrato en xaneiro deste ano, aínda se traia a pleno a modificación deste proxecto.

Sr. presidente

Debemos entender que este é un caso especial e particular, onde se rescinde o contrato a unha empresa, por problemas económicos dela, adxudícase a outra, e nese íterin de tempo houbo uns cambios, e aí está o motivo da modificación deste proxecto. Polo tanto, eu creo que, home, no plan de conservación estase intentando facelo no menos tempo posible, polo motivo de que as nosas estradas deben estar en condicións óptimas, e eu creo que este é un caso particular especial. De todas formas, agradecemos a súa postura neste punto.

(Entra o Sr. Lagares Pérez).

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a modificación do Proxecto “Grupo 9: Oleiros, Sada e Grupo 38. EP 5813 Oleiros a Sada” (Proxecto de remate), código 01.1100.001010 incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2001, cun orzamento de licitación de 230.613,73 euros, sendo de aplicación o Prego de condicións sinalado no apartado 6º anterior e con cargo á aplicación orzamentaria 0401/511B/21001 do vixente orzamento na forma indicada no informe do Servicio de Vías e Obras con data do 4 de xuño de 2002.

2.-Expoñer ó público o citado proxecto mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado.”

11.- CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE EX-ALCÓLICOS DE FERROLTERRA, PARA FINANCIAMENTO DAS OBRAS DA UNIDADE ASISTENCIAL EN FERROL.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

Imos votar tamén favorablemente a este punto, pero si quixeramos facer a reflexión que sempre facemos cando veñen os convenios. Eu creo, ou cremos no grupo socialista, que se abusa en exceso da figura dos convenios, e pensamos que o convenio é algo excepcional para situacións excepcionais, e estamos facendo convenios con entidades, asociacións, para realizar actuacións ou obras que entran dentro das partidas de subvencións que esta deputación ten para esas asociacións. Polo tanto, aínda que recoñecemos que é de interese, cremos que hai outras vías polas cales se pode axudar e financiar. E facemos de novo a

chamada de que un convenio é algo excepcional, do que non se pode abusar, porque senón estaríamos alterando os principios de publicidade e concorrencia que se esixen sempre cando estamos dispoñendo de fondos públicos. O voto vai ser favorable.

Sr. presidente

Gracias Sr. Moreda, debe comprender vostede que as subvencións teñen un límite máximo de dous millóns, e hai algúns colectivos, algunhas asociacións, que ás veces para unha actuación especial necesitan máis diñeiro e é a necesidade de recorrer ós convenios. Eu creo que non abusamos deles, home, podía dárselles dous millóns este ano, dous para o que vén, dous para o outro, pero eu creo que iso non sería operativo nin práctico. Simplemente ese é o motivo, a xustificación, deste convenio con esta asociación. De tódalas formas, moitas gracias tamén pola súa postura e a do Bloque Nacionalista Galego.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se achega co presente dictame que suscribirán a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Ex-alcólicos de Ferrolterra para financiar obras na sede da asociación en Esteiro.

2.-A achega provincial prevista no convenio que ascende a un total de 90.151,82 euros poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio.

3.-Facultar ó Ilmo. Sr. presidente para a sinatura do presente convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EX-ALCÓLICOS DE FERROLTERRA PARA ACONDICIONAR O LOCAL DA ASOCIACIÓN E DA UNIDADE ASISTENCIAL.

A Coruña, de dous mil dous.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almau Supervía e don en calidade de presidente da Asociación de Ex-alcólicos de Ferrolterra.

EXPOÑEN

1º) É competente a deputación conforme á lei de servicios sociais art. 22 - apartado 6, para a colaboración no financiamento de equipamentos de entidades de iniciativa social en servicios sociais de atención especializada e carácter supramunicipal.

2º) A Asociación de Ex-alcólicos de Ferrolterra ten como finalidade entre outras a recuperación de formación de enfermos alcólicos e a colaboración coas autoridades competentes para acadar ese obxectivo.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

A deputación propónse como obxectivo deste convenio o desenvolvemento na provincia da prevención do alcolismo mediante a colaboración coa Asociación de Ex-alcólicos de Ferrolterra, para o funcionamento da súa unidade asistencial, concretándose a actuación da deputación no financiamento das obras de acondicionamento do local social situado no Polígono de Esteiro, incluídas na 1ª e 2ª fase do proxecto de obra redactado polo arquitecto técnico don Diego A. Gómez Blanco, segundo o orzamento presentado e que figura como anexo ó convenio.

SEGUNDA.-

A Asociación de Ex-alcólicos de Ferrolterra comprométese á execución do proxecto, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio, realizando as obras previstas. Serán do seu cargo, cantas autorizacións, seguros, licencias e cargas correspondan para a súa execución.

A Asociación fará constar en todo tipo de información que realice no desenvolvemento da obra a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente corresponde á Asociación, a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio, e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento deste.

TERCEIRA.-

A deputación achegará un máximo de 90.151,82 euros para gastos de execución da 1ª e 2ª fase do proxecto presentado sendo por cargo da Asociación a restante achega que se requira, para executar a dita fase, con cargo á partida 0701/373.M/780.99 do orzamento vixente.

CUARTA.-

A.- A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º pagamento: O 50% trala previa presentación da documentación xustificativa a que se refire o punto B da presente cláusula.

2º pagamento: O 50% restante unha vez xustificada a totalidade da fase de obra subvencionada, trala previa presentación da documentación a que se refire o punto B da presente cláusula.

B.- A documentación xustificativa requirirá:

1º) Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

2º) Execución das obras: se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación calculada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

3º) Sinalar a conta de titularidade da Asociación para efectuar os pagamentos.

4º) Se as obras se executan por contrata: certificación e relación calculada subscrita polo técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficios industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

5º) Para o cobramento do último prazo requirírase ademais a presentación da declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para o que foi concedido.

6º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración no seu caso de non ter outras axudas públicas ou privadas para este.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto previsto (139.645,38) euros, minorarase a achega da deputación mantendo a porcentaxe de financiamento correspondente (64,56%) da cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas fosen superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se para a realización do obxecto do presente convenio a Asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superará o total do custo da actividade, diminurase a achega da Deputación Provincial da Coruña. Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

QUINTA.-

O período de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura ata o remate previsto das obras que constitúe o seu obxecto, tendo que presentarse a documentación xustificativa antes do 31 de outubro de 2003, tendo polo tanto vixencia ata esa data.

SEXTA.-

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

SÉTIMA.-

Serán causa de resolución do presente convenio, dando lugar no seu caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar a súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

OITAVA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste.

Faise constar que este convenio foi aprobado mediante Resolución de Presidencia núm. de 2002.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O PRESIDENTE DA
ASOCIACIÓN DE EX-ALCÓLICOS

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Almau Supervía

12.- 12ª FASE DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR DA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para posicionar ó grupo do BNG, absténdonos neste punto como facemos cando veñen obras en concreto referidas a plans onde houbo un voto desfavorable do BNG respecto ás bases da convocatoria. En todo caso, como máis ou menos é o mesmo, se me permite o Sr. presidente facer compendio entre os puntos 12 e 15, dado que imos votar ó 13 e 14 que si, que é aprobación da 2ª relación de obras, subministracións e servicios do Plan de turismo da natureza, que vai ser no mesmo senso, de abstención, e en todo caso significar que un plan desta deputación que vai cun obxectivo específico segue sendo unha zarapallada onde se xunta practicamente de todo e todo vale, parece ser, para o fomento de turismo da natureza, desde un xenerador dun polideportivo ata a reconversión dun xardín en prazas de aparcadoiro. En todo caso iso significa que a pesar de que teoricamente están claros os obxectivos dos plans, ó final serve para que se coen obras que, ó noso entender, non teñan que estar, nin moito menos, incluídas neste tipo de plans. Pero ben, abstención nos puntos 12 e 15, e voto favorable no 13 e 14. Moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e a Intervención provincial,

1º- Aprobar a 12ª Fase do Plan 2000 da recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña. A relación de investimentos contidos nesta duodécima fase e o detalle das obras e servicios que se van executar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo

As obras correspondentes á 12ª fase relaciónanse de seguido:

Código	Concellos	Denominación obra	orçamento
02.4100.0541.0	Arteixo	Rehab. dos muíños de auga para o seu emprego didáctico en Rañal	16.894,4
02.4100.0542.0	Ferrol	Fonte capela San Antonio Cabana	4.808,10
02.4100.0543.0	"	Fonte fronte ó cemiterio Esmelle	4.207,08
02.4100.0544.0	"	Restauración da igrexa de san Román de Doniños	21.035,42
02.4100.0545.0	"	Fonte da Virxe de Chamorro	2.321,16
02.4100.0546.0	Pobra do C.	Ref. igrexa parroquial adro e rectoral de Santiago do Deán	60.098,23
02.4100.0547.0	"	Reforma igrexa parroquial de santa María Antigua	60.097,54
02.4100.0548.0	Santa Comba	Acondicionamento de praza en Mato-Cícere	15.357,90
02.4100.0549.0	"	diversas obras na igrexa parroquial de Cícere	21.493,74
02.4100.0550.0	Santiago	Cruceiro, pontes , Calzada do Sar	60.101,21
02.4100.0551.0	Trazo	Reparacións xerais na igrexa de Augas Santas	27.044,66
02.4100.0552.0	Val do Dubra	Restauración de hórreo en lugar de Cornes nº 13	4.737,66
02.4100.0553.0	Zas	Restauración de Igrexas	60.101,21
02.4100.0554.0	"	Restauración de cruceiros	29.692,58
02.4100.0555.0		Restauración de fontes	38.290,02
02.4100.0556.0	"	Restauración de muíños	37.814,98
TOTAL			464.095,89

A contratación das obras e servizos incorporados na relación A da presente fase, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

A.- As obras contrataranse polos respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

B.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

C.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

D.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello conforme ó establecido na lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no orzamento, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

E.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirle á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realizase mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á deputación cunha antelación de polo menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da deputación a ela, se así considerase oportuno.

As bases rexeranse polo criterio de aplicación establecido nas bases correspondentes.

Resolución de contratos:

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

Prazos de execución e certificacións de obra:

A achega provincial ás obras incorporadas nesta 12ª Fase do Plan serán imputadas con cargo á Partida 0305/469.A/76231 do vixente orzamento da Corporación. O orzamento total da duodécima fase do plan ascende a 464.095,89 euros.

2.- Dispoñer á exposición pública da duodécima fase do Plan mediante a publicación dun anuncio no BOP. para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Gallega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.- Facultar ó Presidente para canto proceda tocante á xestión e efectución do presente acordo".

13.- ANULACIÓN DA OBRA APROBADA Ó CONCELLO DE CARIÑO, CÓD. 01.4300.0099.0 PERTENCENTE Ó PLAN XXI FOMENTO DA NATUREZA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a anulación da obra do Concello de Cariño que de seguido se relaciona, aprobada en sesión plenaria con data do 28/12/01, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4300.0099.0 “Celebración da primeira exaltación da caldeirada e da sardiña lañada”, Cariño, cun orzamento de 7.970,21 €e unha achega provincial de 7.212,17 €

2º.-A anulación acórdase ante o incumprimento do concello dos seguintes condicionantes establecidos pola Deputación provincial nas bases de convocatoria do plan e no acordo de aprobación da segunda relación de obras deste:

a)O incumprimento das bases do Plan XXI de fomento do turismo da natureza, e das condicións de delegación da contratación ó ter contratado os investimentos, obxecto do presente informe, con anterioridade á comunicación formal do acordo aprobatorio da obra proposta polo concello realizada o 30.01.2002.

b)O incumprimento das condicións da delegación realizada pola deputación ó desagregar en varios expedientes o expediente único que fora solicitado á deputación e aprobado no acordo plenario provincial do 28 de decembro no que se aprobou a segunda relación de obras do plan.

c)O incumprimento das condicións da delegación ó utilizar un procedemento de contratación, o contrato menor, que non aparece reflectido entre os previstos no acordo de delegación da deputación. Este incumprimento de forma correlativa implica que o concello tampouco poderá remitir o “documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos” nin a certificación de obra xustificativa da execución do investimento aprobado; dado que polo sistema de contratación empregado non constan no concello estes documentos.

3º.-O importe anulado que ascende á cantidade de 7.212,17 €deberá ser imputado á partida orzamentaria 0305/751A/76299.

4º.-Comunicar ó Concello de Cariño a anulación da obra con indicación de que poderá solicitar a incorporación ó plan dunha obra alternativa á anulada á que poderá referir unha achega provincial de igual contía da anulada polo presente acordo. O prazo para solicitar a dita incorporación será dun mes que se contará desde a notificación do presente acordo, e os trámites e documentación que se achegará serán os establecidos nas bases do plan para formular a solicitude.

5º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

14.- APROBACIÓN DA DESAGREGACIÓN DA OBRA 01.4200.0032.0 DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a desagregación das obras ó Concello de Malpica en substitución das aprobadas en sesión plenaria con data do 27.07.01, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4200.0104.0 Instalación de bombeo para rego do campo de fútbol municipal

Achega municipal	1.975,07
Achega deputación fondos propios	4.489,02
Achega deputación préstamo	7.092,56
Total	13.556,65

Cód. 01.4200.0105.0 Construcción de escaleira de acceso ó paseo marítimo de Malpica

Achega municipal	1.099,67
Achega deputación fondos propios	2.499,55
Achega deputación préstamo	3.949,23
Total	7.548,45

2º.-Anular as obras aprobadas en sesión plenaria con data do 27.07.01, correspondentes ós códigos:

Cód. 01.4200.0032.0 Instalación de bombeo para rego do campo de fútbol municipal e construción de escaleira de acceso a paseo marítimo
Total 21.105,19

3º.-Os importes propostos, que ascenden á cantidade de 21.105,10 euros deberán ser imputadas á partida orzamentaria 0305/519Z/76299.

4º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orden á xestión e execución do presente acordo.”

15.- APROBACIÓN 2ª RELACIÓN OBRAS, SUBMINISTRACIÓNS E SERVICIOS DO “PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA DA PROVINCIA DA CORUÑA”, ANUALIDADE 2002.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a segunda relación de obras, subministracións e servizos do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña, anualidade 2002. As obras, subministracións e servizos desta segunda relación, que se contratará en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

2.-O financiamento das obras, subministracións e servizos incorporados nesta segunda relación do plan quedará establecida nos termos que figuran na presente proposta:

Os importes totais que se concederán son: Orzamento total 1.159.748,27 euros, dos cales a deputación financiará 1.125.116,88 euros con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99 e 34.631,39 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta segunda relación de investimentos e subministracións, segundo se detalla de seguido:

Código	Concello	Obra	Achega Concello	Achega Deputación	Total
02.4300.0132.0	ARES	SINALIZACIÓN DE ACCESO Ó TERMO DE ARES		5.246,65	5.246,65
02.4300.0136.0	ARES	CONSTRUCCIÓN DE APARCAMENTO EN LIÑA EN AMBAS MARXES DA AVDA. DE REDES-ARES		9.212,08	9.212,08
02.4300.0133.0	ARES	SINALIZACIÓN DE RUTAS DE SENDEIRISMO DO CONCELLO DE ARES		20.924,68	20.924,68
02.4300.0134.0	ARES	SINALIZACIÓN URBANA CON CARTEIS E PINTADO DAS RÚAS DO CENTRO DE ARES		25.329,89	25.329,89
02.4300.0135.0	ARES	SINALIZACIÓN DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE ARES		16.228,23	16.228,23
02.4300.0137.0	ARZÚA	PAVIMENTACIÓN CAMPO DA FEIRA-ZONA DE PULPEÍRAS		59.581,28	59.581,28
02.4300.0138.0	ARZÚA	VALADO SUR CAMPO DA FEIRA		29.963,07	29.963,07
02.4300.0139.0	AS PONTES	ÁREA RECREATIVA DA RIBEIRA NOVA	31.376,08	88.810,59	120.186,67
02.4300.0140.0	DODRO	ÁREA RECREATIVA DO BOSQUE E OUTRA		19.504,05	19.504,05
02.4300.0141.0	DODRO	SINALIZACIÓN TURÍSTICA EN TALLÓS E OUTROS		12.804,56	12.804,56
02.4300.0142.0	DODRO	GUIA TURÍSTICA DO CONCELLO DE DODRO		12.020,24	12.020,24
02.4300.0143.0	IRIXOA	ÁREA RECREATIVA DE AMBROA		25.760,17	25.760,17

02.4300.0144.0	IRIXOA	2ª FASE ÁREA RECREATIVA DE VERÍS, ÁREA DE DESCANSO DE CHURÍO, SINALIZACIÓN VIAL PARROQUIAS TERMO MUNICIPAL E INST. XERADOR POLIDEPORTIVO DE IRIXOA.		24.345,31	24.345,31
02.4300.0145.0	IRIXOA	ADQUISICIÓN DE XERADOR PARA POLIDEPORTIVO DE IRIXOA		5.031,06	5.031,06
02.4300.0147.0	MAÑÓN	ALUMEADO PÚBLICO EN AREA RECREATIVA EN PONTE SEGADE		27.544,04	27.544,04
02.4300.0146.0	MAÑÓN	ACONDICIONAMENTO AREA RECREATIVA EN PONTE SEGADE, 2ª FASE		54.685,59	54.685,59
02.4300.0148.0	MUGARDOS	DOTACIÓN DE MOBILIARIO E ACONDICIONAMENTO DE XARDÍNS E TERREOS MUNICIPAIS PARA O FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA		34.993,03	34.993,03
02.4300.0150.0	OUTES	PEIRAO NO ALBAN		29.903,71	29.903,71
02.4300.0149.0	OUTES	PEIRAO PUNTA DE BROÑA		29.903,71	29.903,71
02.4300.0151.0	OUTES	PEIRAO PUNTA DO REQUEIXO	3.254,3	26.461,54	29.715,84
02.4300.0152.0	PADRÓN	REALIZACIÓN DUNHA ESCULTURA		29.960	29.960,00
02.4300.0155.0	PADRÓN	XARDÍN E PARQUE EN EXTRAMUNDI		22.906,82	22.906,82
02.4300.0153.0	PADRÓN	ADQUISICIÓN APARATOS PARQUE I		11.327,4	11.327,4
02.4300.0154.0	PADRÓN	ADQUISICIÓN APARATOS PARQUE II		7.734,88	7.734,88
02.4300.0156.0	PORTO DO SON	MERENDEIRO DE XAN PASAL		17.582,73	17.582,73
02.4300.0158.0	PORTO DO SON	PARQUES INFANTÍS GOIANS-TARELIÑA (NOAL) - QUEIRUGA E XUÑO		30.000,11	30.000,11
02.4300.0160.0	PORTO DO SON	FONTE E LAVADOIRO EN MONTEMUIÑO, LOMBA E CASTELO		16.335,22	16.335,22
02.4300.0159.0	PORTO DO SON	REPARACIÓN MERENDEIROS MUNICIPAIS -MERENDEIRO DE CADEIRAS - CANS (NEBRA)		39.700,28	39.700,28
02.4300.0157.0	PORTO DO SON	URBANIZACIÓN MIRADOIROS- O BALO - ARNELA		10.767,12	10.767,12
02.4300.0161.0	SAN SADURNIÑO	ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA E DE ACAMPADA E CAMPO DE FUTBÓL EN CORRÁS		50.147,08	50.147,08
02.4300.0163.0	SANTISO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA EN BARAZÓN		23.653,77	23.653,77
02.4300.0162.0	SANTISO	ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA EN VIMIANZO		33.947,24	33.947,24
02.4300.0164.0	VEDRA	PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE MUIÑOS PONTE ULLA		32.748,38	32.748,38
02.4300.0165.0	VEDRA	CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS RUTAS DE SENDEIRISMO		14.973,07	14.973,07

TOTAIS	34.630,38	900.037,58	934.667,96
--------	-----------	------------	------------

A relación de obras e subministracións correspondentes ós concellos que remitiron a solicitude fóra de prazo relacionáanse de seguido:

Código	Concello	Obra	Achega Concello	Achega Deputación	Total
02.4300.0166.0	A BAÑA	Sinalización TURÍSTICA NO CONCELLO DE A BAÑA		45.668,2	45.668,2
02.4300.0169.0	SOBRADO	ADECUACIÓN CAMPO DA FEIRA DE CRUCES 2ª FASE		52.146,16	52.146,16
02.4300.0167.0	MESÍA	PUNTOS DE INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE MESÍA	1,01	42.992,51	42.993,52
02.4300.0168.0	POBRA DO CARAMIÑAL	REMODELACIÓN E ACONDICIONAMENTO BEIRA OESTE PASEO DOS AREOS		84.272,43	84.272,43
TOTAIS			1,01	225.079,30	225.080,31

O importe correspondente á partida 0305/751.A/462.00, financiará os servizos solicitados ascendendo a un total de 8.414,17 euros financiados integramente pola deputación, segundo o seguinte detalle:

Código	Concello	Obra	Achega concello	Achega Deputación	Total
02.4300.0501.0	Vedra	PUBLICIDADE DAS RUTAS DE SENDEIRISMO		8.414,17	8.414,17

Os importes totais detállanse no seguinte cadro:

Programa	Ptos	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	1.159.748,27	1.125.116,88	34.631,39
Servizos	8.414,17	8.414,17	

3.- A contratación das obras subministracións e servicios, de acordo co establecido nas bases da convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarásese o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no orzamento, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. En todo caso os concellos deberán remitirle á deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Lista de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".

- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizara o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á ela, se así considerase oportuno. Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable".

4.- Dispoñer a exposición pública da segunda relación de obras, subministracións e servicios do plan, anualidade 2002 aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP. para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.- Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo".

16.- APROBACIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO PLURIANUAL DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO LOCAL SOCIAL DA AA.VV. "SERAFÍN ZAS" DA ROCHA, SANTIAGO.

INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

Supoño que non soará a novo que o noso grupo cuestiona, ademais desde o primeiro momento, o plan para dotar de locais de asociacións de veciños, este non é un caso novo, e por iso o noso grupo vai manter unha postura de abstención neste punto.

Sr. Fernández Moreda

Creo que é de sobra coñecido, por reiterada, a postura do grupo socialista ante esta partida de subvencións, que leva xa algúns anos, desde o primeiro ano de mandato deste equipo de goberno, nos orzamentos da deputación. Sempre criticamos esta partida porque non entendiamos, primeiro: cómo se fai unha partida con 440 millóns de pesetas par asociacións de veciños; e segundo: por qué se discrimina a outro tipo de asociacións, e por que só para as cidades de Coruña, Santiago e Ferrol. Buscábamos unha interpretación, eu sempre dixen aquí que, ben, estaba o candidato de Ferrol, o candidato de Santiago de Compostela e o candidato da Coruña, e que isto supoñía a utilización de fondos públicos para utilizar politicamente uns fondos públicos para unha acción política para a consecución, nas vindeiras eleccións, das alcaldías destas tres cidades. Parece ser que isto non é suficiente, porque xa está descartado que o candidato da Coruña e o candidato de Ferrol sexan os que foron nas anteriores eleccións, só queda o Sr. Dositeo Rodríguez como candidato do Partido Popular en Santiago, e é precisamente en Santiago onde se fai este investimento.

Eu creo que a deputación non está para confrontar ou para suplantar ós concellos; a deputación está para colaborar cos concellos. E estas actuacións fanse á marxe dos concellos; eu creo que as deputacións non deberían de ter actuacións á marxe dos concellos, senón en colaboración cos concellos, e coa participación dos concellos, e decidindo conxuntamente as obras que se van facer, ou os investimentos que se van facer, ou que é o que se quere facer. Nosoutros entendemos que neste senso na deputación se comezou discriminando, e acaban o mandato tamén discriminando, e que é unha utilización partidista dos fondos públicos para conseguir uns obxectivos políticos co diñeiro de todos. É a opinión que expresamos reiteradamente nos plenos da deputación, sempre que falamos destes asuntos.

Polo tanto, o noso voto vai ser negativo, porque non podemos participar, coa nosa abstención ou coa nosa complacencia, e moito menos o noso voto favorable, a facer algo que consideramos discriminatorio. Pero é que ademais, cando o primeiro ano se discutiu nos orzamentos esta partida orzamentaria, que son de 440 millóns de pesetas cada ano, ante as críticas deste grupo socialista, respondéusenos que a intención da deputación era estender estas axudas a máis concellos e a máis asociacións sectoriais. Non quere dicir iso que esteamos de acordo con esa resposta, pero é a resposta que se nos deu. E séguense

mantendo as mesmas axudas, nas mesmas cidades, e polos mesmos importes, e coas mesmas finalidades.

Polo tanto, lamentablemente, gustaríanos votar a favor desta cuestión, pero lamentablemente, ó ser algo da deputación, á marxe do concello de Santiago, o que pode supor unha confrontación, ou unha suplantación do concello, e unha negación do que debe ser a colaboración entre as institucións, cando unha institución quere investir algo no territorio que goberna outra institución, o normal é falarse, consensuar, presentar programas en común, e tratalo conxuntamente. Por estes motivos, imos votar que non ó punto núm. 16.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Por alusión, dalgunha maneira, pedín permiso ó presidente para lle contestar á intervención do Sr. Moreda. Primeiro quero dicirlle que este programa, esta aprobación de financiamento plurianual correspóndelle á execución dun acordo do ano 2000, é dicir, no ano 2000 foi cando se decidiu, na convocatoria dese ano, na convocatoria para asociacións de veciños, que a deputación construíra, o que adquirise neste caso, un edificio na Rocha para destinalo a asociación de veciños, e houbo unha serie de trámites intermedios que foron dilatando ata agora a execución. E quixera informar ó Sr. Fernández Moreda de algo que quizais non coñece: houbo unha intervención moi directa e moi positiva do concello de Santiago neste proceso, porque resulta que se trata dunha casa nobre, practicamente en ruínas, é dicir, a deputación neste caso ten dúas finalidades, recupera un edificio emblemático na Rocha, un edificio moi importante, que ademais servirá para colaborar co propio concello de Santiago porque nas inmediacións deste local estase rehabilitando as ruínas do castelo da Rocha, programa que está sendo financiado polo concello, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Facenda, a través do plan de excelencia turística, e imos apoiar desde este novo edificio esta actuación. ¿Por que se tardou tanto tempo? Porque o predio non tiña unha edificabilidade para poder construír alí, e o concello de Santiago, en colaboración con nosoutros, tramitou un expediente de convenio cos promotores, que foi moi complexo e moi difícil, para poder precisamente viabilizar esta operación, e dar o parcelamento adecuado. Quero dicir que houbo unha colaboración estreita co concello de Santiago, e eu publicamente díxeno así desde o primeiro momento.

(Entra o Sr. Erias Rey).

En segundo lugar, ¿por que este plan?, porque a deputación, independentemente de que a súa función fundamental é a de prestar servicios ós municipios, e infraestructuras, ten tamén unha función social que historicamente desempeña, temos unha convocatoria anual para calquera tipo de entidades sen ánimo de lucro; temos unha biblioteca pública municipal..., temos actuacións, e neste senso parece que era necesario colaborar con iniciativas dese tipo.

A verdade é que, á vista dos investimentos importantes que require unha actuación deste tipo non se concederon subvencións novas para asociacións de veciños, á parte da convocatoria do 2000, e estamos precisamente materializando os compromisos anteriores da deputación. Si é certo que este programa serviu para outro obxectivo: estender as aulas de informática en tódolos concellos da provincia, eu creo que é unha iniciativa que está sendo moi ben acollida por tódolos concellos, empezou nas asociacións de veciños, estendeuse a tódolos concellos, e eu creo que foi unha acción que non hai ningún concello que lle pareza mal. Por tanto, si estendemos a acción, non estendemos facer os edificios, porque nin sequera para as propias asociacións de veciños se van construír máis edificios, porque reflexionamos sobre os custos que representaba un programa deste tipo, e parece que eran excesivos, non que non fora útil, nin que fora desatinada a idea; que esixía demasiado investimento de recursos, e optamos por apoiar ás asociacións sen iniciativas singulares. Non hai, eu creo que o mantemento das liñas de actuación, e non habendo..., son o único que queda desa teórica listaxe de beneficiados e desde logo, en ningún caso tomei eu a decisión, foi obviamente, do goberno provincial, e foi totalmente obxectiva, e co ánimo de axudar a un sector que eu creo que é importante, e que nos lembra e nos reconforta que, dalgunha maneira, á deputación se lle vexa, por cidadáns tamén, como unha entidade que os apoia, sobre todo por entidades representativas, e colaborando moitas veces, como é o caso concreto da Rocha, co concello. Moitas gracias.

Sra. Candocia Pita

Aínda que entrevi no primeiro punto a compañeira Ana Santiago, se vostede o permite, gustaríame intervir a min nesta segunda rolda polo Bloque Nacionalista Galego, para deixar claras algunhas cuestións que antes non explicamos tanto.

En primeiro lugar, a abstención do Bloque Nacionalista Galego é á obra, non ó plan, que xa nos posicionamos no seu intre en contra. Entón, a obra non é o problema, a obra está ben que se faga, efectivamente, o que non está ben é o plan. Entón, ¿cal é o problema? o problema é que terán que explicar algunha vez cales son os criterios que se utilizan para lle dar a unha asociación de veciños un local e non a outra; ¿por que a Rocha e non a outra, pregunto eu, que coñezo ben a situación de Santiago?, porque ademais, aínda que non vivo no municipio, vivo no Milladoiro, que está pegado á Rocha, e ¿por que O Milladoiro, que ten dez mil habitantes, esta deputación non considera que debe ter un local social porque non pertence á cidade?, díganme vostedes; ou Bertarmirás, ou Cacheiras, para que non digan que é unha cuestión localista do meu concello. ¿Por que parece que os habitantes deses núcleos, que son de bastantes máis habitantes cá parroquia da Rocha, por qué eses non teñen dereitos, parece ser, por non pertencer á cidade, e os outros si?, cando ademais a cidade, neste caso de Santiago, ten a característica de que ten bastante máis atendidas as necesidades das asociacións de veciños dos que as teñen os outros núcleos doutros

concellos, que si teñen moitos máis habitantes. E eu creo que iso é o que hai que explicar dunha vez por todas. Desde logo, ós habitantes do Milladoiro teralles que explicar por qué os teñen castigados sistematicamente o Partido Popular a non ter un local social, e por que hai tres anos que se está construindo unha casa da cultura, que non acaba de abrir, con subvención desta deputación, aínda que agora e finalmente é responsabilidade do concello. E como iso, podería ir punto por punto, por núcleos, sobre iso; pero xa, limitándonos ó concello de Santiago, haberá que explicar por que a Rocha, por qué aquí, por qué alí, e por qué non no outro lado, no outro, ou no outro; claro, porque aí entrariamos no debate e en se hai electoralismo ou non. A miña opinión é que si hai electoralismo, sobre todo sendo na Rocha, e efectivamente que está ben rehabilitar esa casa, coidado, e efectivamente que está moi ben facer o convenio co concello no referente a posibilitar a rehabilitación do castelo e demais, pero que esa casa teña que estar usada para asociación de veciños, e que ademais teña que ser financiado por esta deputación, iso é o que hai que por en cuestión non a rehabilitación da casa en si. Gracias, Sr. presidente.

Sr. presidente

Como ben dixo vostede, estamos falando da obra, non do plan, así que non abramos un debate, que xa houbo no seu momento.

Sr. Fernández Moreda

Quizais sexa un pouco contradictorio coa intervención anterior, pero sorpréndeme que diga que é a única obra que se vai facer ó abeiro desta partida de subvencións, en Santiago e na Rocha, por algo será. Eu sei que está pendente a asociación de veciños da Enseada Orzán da Coruña, que pediu unha entrevista co Sr. Dositeo Rodríguez para falar tamén da adquisición dun local, a min gustariame que non se cerrase -aínda que estou en contra disto-, pero se hai unha partida, pois que como xa se descartou o Sr. Erias e xa se descartou o Sr. don Juan Blanco, pois que reciba á asociación de veciños Enseada do Orzán e lles adquira tamén un local como ós da Rocha.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Contestando en primeiro lugar ó Sr. don Salvador Fernández Moreda, que Enseada do Orzán é outro compromiso da deputación; estaba dicindo non novas; Enseada do Orzán está dentro dos compromisos da deputación xa adquiridos no seu momento.

No tocante á primeira pregunta da Sra. deputada do BNG, é moi sinxelo: escolléronse aquelas asociacións que non tiñan local, porque as que tiñan local, obviamente,

non se lles ía facer, e fíxose a través dunha convocatoria pública, e sen ningún problema, no seu momento, porque se tratou con toda obxectividade o tema. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)
Votan en contra: 10 deputados (PSOE)
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto básico e de execución da obra “Rehabilitación de edificio para a asociación de veciños da Rocha”, redactado por Iago Seara S.C. cun orzamento de contrata de 521.251,61 €

2.-Aprobar o financiamento do proxecto de “Rehabilitación de edificio para a asociación de veciños da Rocha” e, en consecuencia, autorizar a elevación das porcentaxes de financiamento establecidos no art. 155.3 da Lei 39/1998 para os gastos de carácter plurianual, de acordo co seguinte:

Ano 2002: 9,59% - 50.000 €
Ano 2003: 90,41% - 471.251,61 €

17.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO CONCELLO DE BETANZOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto de obras en instalacións deportivas no Concello de Betanzos, no senso de que a subvención nominativa concedida por importe de 210.354,24 € se destine ó financiamento das obras de “Mellora de instalacións do campo de fútbol do Carregal”.

18.- APROBACIÓN RECLASIFICACIÓN POSTOS DE TRABAJO, MODIFICACIÓNS DA RELACIÓNS DE POSTOS DE TRABAJO ANO 2002 E MODIFICACIÓNS PLANTILLA ANO 2003.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Despois do que parece ser, ou foi na realidade, unha longa negociación, posto que quedou o punto pendente no ano anterior e cunha partida orzamentaria recoñecida para atender no caso de que se chegara a un acordo neste campo, neste pleno vén a aprobación da reclasificación de postos de traballo, a modificación de relacións, por tanto, dos postos do ano 2002, e a modificación do cadro de persoal 2003.

Por parte do grupo do BNG, evidentemente, temos que dicir que non sería o acordo co que nosoutros chegaríamos co cadro de persoal da deputación, hai que ter en conta que se levaba dez anos cunha demanda por parte da representación sindical para facer unha reclasificación de postos de traballo. Supoñemos que a negociación tería outra forma de cerrarse este ano máis ca desta maneira, imaxinamos que, como en toda negociación de carácter laboral, non se atenden a tódalas reivindicacións e por tanto seguen temas pendentes que se terán que retomar noutros anos. Con respecto ás modificacións de cadro de persoal que se aproban para o ano 2003, evidentemente, desde o punto de vista do BNG, saudar, aínda que sexa tarde, pero cando menos xa se contempla a posibilidade de que Deputación da Coruña conte con persoal suficiente como para facer un traballo a favor da normalización da lingua galega, en cumprimento, en todo caso, de leis que estiveron aí pendentes de que esta deputación puxera os recursos humanos para realizalo. En todo caso, queda pendente o que poida ser a adhesión ou a sinatura do convenio coa Dirección Xeral de Política Lingüística para que isto non quede única e exclusivamente nunha tradución simultánea, senón que se poidan facer máis accións en favor da normalización da lingua.

En todo caso, e dito isto, nosoutros imos votar a favor do punto, porque, como xa dixen antes, entendemos que si existiu unha negociación, si existe unha comprensión e unha asunción por parte do goberno do que podían ser as demandas, en parte, dos traballadores, e polo tanto imos darlle para adiante. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros imos votar favorablemente o punto 19 e 20, e ímonos abster no punto 18, que estamos debatendo agora, e gustaríanos votar a favor, gustaríanos porque entendemos que é un acordo coa xunta de persoal, e sempre adoitamos respectar os acordos que se adoptan co persoal.

O que pasa é que no punto 18, á parte disto, créase un novo servizo: o servizo de organización, calidade e modernización. E a nosoutros gustaríanos saber a razón pola que se crea este servizo, cal é a súa finalidade, é dicir, participar, se se crea un servizo novo na deputación, que se debata a necesidade dese servizo, e que se consensúe, ou que compartamos os criterios todos. Entón, créase un servizo de organización e ademais dótase

polo sistema de libre designación, hai un posto de xefe de servizo que se fai por libre designación, dous postos de técnicos de calidade e modernización, coa forma de provisión de libre designación, e un posto de xefe axunto de servizo, tamén de libre designación, dous postos de administrativos, grupo C, eses non son de libre designación. Non entendemos nin por qué se crea o servizo, nin para qué se crea o servizo, nin por qué se elixe esta forma de provisión de postos. E tampouco temos moi claro en qué consiste isto da organización, calidade e modernización, porque eu xa dixen nalgún pleno que o problema desta deputación non era un problema de que haxa que mellorar a calidade e funcionamento dos servizos, senón que ás veces habería que mellorar a calidade da dirección política, con obxectivos claros, ás veces os obxectivos claros que se ven son obxectivos perversos, como o das asociacións de veciños, son obxectivos claros e perversos, pero os outros obxectivos non se ven claros e funciónase dunha forma máis mecánica que outra cousa.

Creo que falta nesta organización dirección política e motivación dos funcionarios. Hai unha desmotivación clara dos funcionarios e non se funciona ben. Un claro exemplo témolo neste pleno, no punto 10, cando modificabamos un proxecto do grupo de conservación de estradas do ano 2001; modifícase o proxecto; non se adxudica aínda ese proxecto; aprobamos a modificación, agora hai que publicalo no Boletín Oficial da Provincia, hai que ver se iso ten alegacións ou non, aprobar definitivamente o proxecto, e logo ábrese o proceso de contratación. E isto pasou desde o 18 de xaneiro que, o presidente, con dilixencia asina a resolución do contrato, e ata agora non vén este punto aquí. E isto non é un tema nin de modernización, nin de calidade, senón que é de pór en valor os servizos desta casa, que son moi bos, ou alomenos eran moi bos, e funcionaban cunha gran motivación.

Recordo tamén, e fixo alusión nalgunha intervención o representante do Bloque no punto que hoxe tratamos aquí, dese plan da modernización que se estaba implementando desde a dirección da deputación, que tampouco sabemos en que consistiu e cáles son os beneficios; sabemos que se gastou unha cantidade importante de diñeiro, pero non cremos que se mellorara nin modernizara.

Polo tanto, gustaríanos votar a favor do punto 18, como imos votar a favor do punto 19 e 20, pero vemos que, de rondón, no que se pon como aprobación de reclasificación de postos de traballo e modificación do cadro de persoal, créase un servizo novo. Entendemos que tería que ser un punto afastado, e que tería que debaterse sobre a necesidade, a conveniencia e os obxectivos que se pretenden conseguir con este novo servizo que agora se crea.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Agradecer o voto favorable do BNG a este tema. Con respecto á observación do Sr. Moreda, quérolle dicir en primeiro lugar que a aprobación por unanimidade de tódolos

sindicatos presentes na mesa de negociación, como sinalaba anteriormente a deputada do BNG, foi resultado dun longo proceso, que se desenvolveu durante o ano pasado e este ano. Creo que a forma cómo se chegou a un acordo implicou un esforzo moi importante por parte de todos, temos que agradecer a postura de total lealdade institucional dos sindicatos, que permitiu que un tema de tanta complexidade, con tantas arestas, e que afecta a todo o persoal da casa en moitos aspectos, porque me refiro conxuntamente tanto ó punto 18, como ó 19 e 20, que todo isto permitira chegar a un acordo razoable.

Este acordo cos sindicatos tamén se estendeu á creación deste servizo e á forma de provisión, que se enmarca dentro da reforma administrativa da deputación. Na intervención anterior, por parte do representante do BNG preguntábase onde estaba o Plan de modernización, a que nivel estaba, onde estabamos actuando. Podemos dicir que estamos nestes momentos na fase final, dun proceso que comezou nesta lexislatura, unha reforma dunha Administración pública non se fai nun ano nin en dous; é un proceso dilatado; seguramente ó terminar esta lexislatura teremos sentadas as bases firmes do que despois haberá que completar na lexislatura seguinte; ¿que pretendemos? que terminada esta lexislatura, practicamente terminada, estea en funcionamento o novo sistema de xestión da deputación, que leva consigo a informatización integral de tódolos servizos, leva consigo que un cidadán se poida dirixir á deputación a través de procedementos electrónicos, leva consigo a personalidade administrativa e dixital; leva consigo converter á Deputación da Coruña nunha das Administracións máis eficientes do país desde o punto de vista técnico. Ós políticos corresponderanos despois tomar decisións, pero os técnicos teñen que instrumentalas, executalas, e establecer un cadro de dirección, un cadro de dirección implica que este sistema permite que a deputación en calquera momento poida saber qué expedientes están dilatados, os que teñan retrasos sobre un estándar de tramitación, facer un seguimento de xestión, e formular obxectivos, obxectivos de carácter técnico, independentemente da dirección política.

Dentro deste proceso enmárcase o Servizo de racionalización. Este servizo ten dúas funcións: por unha parte, colaborar tecnicamente cos demais servizos no que se refire a novos sistemas de xestión, que implica que calquera modificación, calquera actuación nova da deputación que se vai renovando, necesita facer diagramas de fluxos, necesita pasar ós informáticos, como é a estrutura da organización, e íla adaptando, e os procedementos administrativos. É unha función técnica que é imprescindible realizar porque sen ela estaríamos coxos e teríamos que depender de asistencias externas para modificación dun procedemento administrativo, dun novo plan, dunha nova actuación da deputación. E por outra parte, este servizo leva outra función, que é establecer un novo sistema de, diríamos, de incentivación ó persoal, que quere dicir saber exactamente o que se fai, marcar novos obxectivos de xestión e, en definitiva, procurar, a través dun sistema interno, sen que interveñan consultoras externas, a través da propia deputación, levar un sistema de dirección por obxectivos e de comprobación de resultados, incentivando ó persoal. E por último hai

ese concepto de calidade, que é moi sinxelo, quere dicir en qué medida podemos prestar un mellor servizo ós cidadáns.

E isto que estamos facendo na deputación ímolo facer en tódolos concellos da provincia, e precisamente nestes días nos concellos piloto de Betanzos, Miño e Sada, estamos poñendo en marcha o mesmo plan, que mesmo terá un prazo de realización máis curto có da propia deputación, pensamos terminar en xuño, mentres que o plan da deputación está previsto terminar en setembro, quero dicir con implantación real de tódolos servizos. Polo tanto, estamos falando do que realmente é o cumprimento dun obxectivo da lexislatura, e que queremos que estea terminado nesta lexislatura. Este mesmo sistema de xestión da deputación, tivemos o honor, por unha parte don Antonio Erias, que facía funcións de presidente nese momento porque, por razóns oficiais, o presidente non estaba, de participar na inauguración de Tecnimap, e eu de ter unha ponencia concreta alí, o sistema da Deputación da Coruña, o complexo do sistema de deputación e concellos é hoxe o sistema de xestión máis avanzado que hai en España para que os concellos poidan ter unha Administración eficiente, poidan ter, de verdade, o concepto de Administración electrónica, e a deputación, asemade, estea ó mesmo nivel. E este servizo é un eixo estratéxico dentro deste sistema. A razón de libre designación, que non foi obxectada polos sindicatos, que son os que máis sensibles son a estes temas, é porque é libre designación con funcionarios que teñen a titulación adecuada interna, e teñen diploma de inspección de servizos, é dicir, é un diploma especial que capacita para poder exercer esa función, que hai un curso de inspección de servizos, vai haber outro agora con carácter inmediato, e eses dous cursos, os que participen neles, os que o rematen con aproveitamento, son os únicos que poden optar a esa libre designación, polo tanto é libre designación sobre unha cualificación singular, porque este traballo require unha cualificación moi importante, e normalmente as Administracións cando se enfrentan a isto, acoden a consultoras externas; aquí a filosofía é que sexa a propia deputación a que sexa capaz de montar, dirixir e facer efectivo, un sistema non só de integración cos aspectos informáticos, senón tamén de dirección por obxectivos. Esa é a razón fundamental.

Sra. Vázquez Veras

A miña intervención vai ser para aclararme porque recoñezo o total descoñecemento que teño neste momento. Eu asistín a inicios desta semana a unha Comisión de Persoal, onde se presentou un dictame para Pleno, e onde se retirou, precisamente, todo o referido ó servizo de organización, normalización e control, e foi repasar os expedientes hoxe pola mañá, e efectivamente non aparecía o servizo de organización...

Sr. presidente

Perdón, antes de seguir parece que quere aclarar algo o Sr. Rodríguez..., despois continúa vostede.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Estaba falando da xustificación deste servizo, e por razóns técnicas vaise presentar dentro do proxecto de orzamento da deputación, é dicir, todo o que dixen é válido, e simplemente por unha observación, fundamentalmente, dos servizos técnicos da casa, que dicían que non se debía de formular a creación do novo servizo podendo aprobar o orzamento ó mes seguinte, por iso aprazamos a aprobación. O que dixen agora mantense, filosóficamente, pero obviamente na aprobación non vai incluída a creación do servizo, que vai no vindeiro pleno, pero vamos, o que dixen terei que repetilo no vindeiro pleno, ou simplemente reiteralo.

Sra. Vázquez Veras

O noso grupo non fixo referencia á creación do servizo de organización porque entendiamos que ía ter un debate no próximo pleno, e o que estamos aprobando neste momento é a reclasificación de persoal, e as modificacións de cadro de persoal referidas ó que vén no dictame, ó servizo de traducción, de Administración xeral e amortización dunha praza, a iso é ó que nosoutros damos o voto favorable.

Sr. Fernández Moreda

Coa aclaración do Sr. Dositeo Rodríguez nosoutros cambiamos o noso voto, porque dicíamos que nos gustaría votar a favor do punto 18 pero isto impedíanos votar, e o noso voto era de abstención. En todo caso, facendo referencia á súa intervención, *si non e vero e ben trobato*. Nosoutros descoñecemos aínda as vantaxes do Plan de modernización que se está implementando, pero avaliáremolo cando se constitúa, faremos un balance, e veremos o que é certo.

A min non me preocupa, o que nos preocupa a nosoutros, é que, por exemplo, o anterior presidente fixo un proxecto de pagar as certificacións en dúas semanas, creo que ata viñeron aquí expertos de Alemaña a ver en que consistía esa novidade; e entón, resulta que si, é posible que exista informaticamente a posibilidade de pagar as certificacións en dúas semanas, pero o que si é certo é que aínda estamos aprobando modificados de proxectos de hai tres anos, co cal todo ese sistema, que en teoría é moi bo, non funciona porque falla o de abaixo. A reflexión nosa é: poñamos o de abaixo en orde; fagamos que funcione, e non teñamos que agardar desde o 1 de xaneiro ata o 25 de outubro para modificar unha cousa que é meramente burocrática e administrativa, e perder dez meses. De pouco nos vale ter un

gran sistema -que haberá que velo-, se logo o de abaixo non funciona, se funciona con demora, con retraso e con pouca dilixencia.

Agora, dito isto, non me custa nada, despois desta aclaración, non aprobamos a creación do servizo, fálase deste tema; aprobamos a reclasificación, foi obxecto, como eu dicía e logo confirmou o Sr. Dositeo e a Sra. representante do Bloque, que é un acordo cos sindicatos desta casa, e nosoutros nese senso votamos a favor, cambiamos a nosa abstención por un voto favorable. E votamos tamén a favor, como xa dixen antes, o punto 19 e o punto 20.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Reclasificar os seguintes postos de traballo e, en consecuencia, modificar a relación de postos de 2002:

.-PERSOAL FUNCIONARIO:

a)-Modificación con efectos do 1 de xaneiro de 2002 do complemento de destino dos postos de traballo que figuran de seguido por non axustarse este ás funcións que desenvolven na actualidade:

**Técnicos de Xestión Tributaria, Técnicos de Xestión Económico-Financeira, Asistentes Sociais, Axudantes de Arquivo e Biblioteca, ATS, Enxeñeiros Técnicos en Topografía, Asesores de sistemas de Xestión Municipal, Persoal eventual asimilado...* Incrementar o nivel de complemento de destino do 19 ó 21.

**Encargado da Imprenta Provincial e Analistas Técnicos.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 20 ó 21.

**Administrativos, Delineantes, Programadores de Aplicacións, Monitores Técnicos, Técnico en Explotación Nocturna e Especialistas en Educación Infantil.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 18 ó 19.

**Operadores de Ordenador e Preparador de Traballos.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 16 ó 17.

**Xefe do Parque.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 16 ó 18.

**Auxiliar xefe de Grupo, Secretarias de Vicepresidencia, Viceintervención, Oficialía Maior e Tesourería.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 15 ó 17.

**Auxiliares, Auxiliar Repartidor BOP, Auxiliar de Caixa, Auxiliar Gravador, Auxiliares de Relacións Públicas, Oficiais Operarios de Servicios, Oficiais imprenta, Subxefe Parque Móbil, Subgobernanta Pazo Mariñán, Capataz Encargado (Sabón), Capataces Vías e Obras e persoal eventual asimilado.* Incrementar o complemento de destino do 14 ó 16.

**Cociñeiros (grupo D), Especialista en Oficios Varios, Conductores.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 13 ó 15.

**Subalternos, Limpadores, Costureiros, Axudantes de cociña, Operarias de Servicios Varios, Camareiras e Peóns Vixilantes.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 12 ó 13.

**Director do Servicio de Asistencia a Municipios.* Incrementar o nivel de complemento de destino do 28 ó 30.

b)-Modificación con efectos do 1 de xaneiro de 2002 do complemento específico dos postos de traballo que figuran de seguido, en atención á responsabilidade, especial dificultade técnica ou penosidade:

**Xefes de Sección, Arquivoira-Bibliotecaria e Enxeñeiros Técnicos de Vías e Obras.* Incrementar o complemento específico en 2.163,60.-euros anuais.

**Xefes Negociado B/C.* Equiparar o complemento específico co Grupo A, incrementándoo en 120.-euros anuais para os do grupo B e en 29,16.-euros anuais para os do grupo C.

**Operario de servicio, Cociñeiros (grupo E), Celadores, Veladores, Telefonistas.* Incrementar o complemento específico en 246,36.-euros anuais.

**Conductores (grupo E).* Incrementar o complemento específico en 492,36.-euros anuais.

**Veladores.* Incrementar o complemento específico en 1.442,43.-euros anuais.

.- PERSOAL LABORAL:

Modificación con efectos do 1 de xaneiro de 2002 do plus do convenio dos seguintes postos:

a)-Grupo II.3. Incremento no plus do convenio da cantidade de 615,12.-euros anuais por equiparación co incremento de nivel de complemento de destino do grupo B do 19 ó 21.

b)-Grupo III.3. Incremento no plus do convenio da cantidade de 246,24.-euros anuais por equiparación co incremento de nivel de complemento de destino do grupo C do 18 ó 19.

c)-Grupo IV: Incremento no plus do convenio da cantidade de 492,36.-euros anuais por equiparación co posto equivalente de funcionarios:

IV.1: Postos afectados: **Conductor.**

IV.2: Postos afectados: **Oficial Industrial de Imprenta, Gravador de textos, Impresor.**

IV.3: Postos afectados: **Oficial operario de servicios, Técnico de son.**

IV.4: Postos afectados: **Oficial mantemento, Oficial carpintería**

IV.5: Postos afectados: **Cociñeiro/a.**

IV.6: Postos afectados: **Auxiliar administrativo, Xastre/a, Gaitero, Perruqueira, Auxiliar Técnico Topografía.**

d)-Grupo V: Incremento no plus do convenio da cantidade de 246,36.-euros anuais por equiparación co posto equivalente de funcionarios:

Nivel 1.a: Postos afectados: **Conductor**

Nivel 1b): Postos afectados: **Cociñeiro.**

Nivel 2: Postos afectados: **Mozo servicios axudante.**

Nivel 3: Postos afectados: **Veladora/Encargada de Portería** (Subida equivalente ó grupo E, nivel 12 ó 13).

Nivel 4 : Postos afectados: **Sereno** (equivalente a telefonista)

Nivel 5: Postos afectados: **Telefonista.**

Nivel 6: Postos afectados: **Camareiro/a, Axudante de Cociña, Operario Agrícola Encargado.**

Nivel 7: Postos afectados: **Celador/a, Auxiliar de Taller.**

Nivel 8: Postos afectados: **Ordenanza. Subalerno.**

Nivel 9: Postos afectados: **Operario Agrícola. Peón.**

Nivel 10: Postos afectados: **Operario/a servicios varios. Limpiador, repartidor**

BOP.

Incluirase así mesmo ó persoal contratado temporal que perciba idénticas retribucións ós grupos sinalados anteriormente:

a).-Grupo II.3: incremento plus convenio 615.12.-€ anuais. Postos afectados: **Técnicos de Xestión, Arquitectos Técnicos, Aparelladores.**

b).-Grupo III.2: incremento plus convenio 246,24 € anuais. Postos afectados: **Administrativos (2), Oficial Imprenta.**

c).-Grupo IV: incremento plus convenio 492,36.-€ anuais. Postos afectados: **Auxiliar Administrativo.**

d).-Grupo V: incremento plus convenio:

-Nivel 1.a) **Conductor:** 492,36 € anuais.

-Nivel 10: **Operaria Servicios Varios.** Incremento 246,36 € anuais.

Realizar as seguintes modificacións do cadro de persoal funcionario con efectos para o ano 2003:

Creación dos seguintes postos:

- SERVICIO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. 1 posto de Auxiliar de Administración Xeral, Grupo D, Nivel 16 de complemento de destino.
- FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY. 1 posto de Psicólogo/a, Grupo A, Nivel 22 de complemento de destino, réxime de media xornada.
- SECCIÓN CENTRAL, ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN. 1 posto de Traductor de Galego, Grupo A, Nivel 22 de complemento de destino e 2 postos de Auxiliar de Administración Xeral, Grupo D, Nivel 16 de complemento de destino.
- SERVICIO DE GABINETE DE PLANIFICACIÓN E CONTROL. 1 posto de Administrativo de Administración Xeral, Grupo C, Nivel 19 de complemento de destino.

Amortización do seguinte posto:

- FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY. 1 posto de CAPELÁN.”

19.- APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVICIOS CONSISTENTES NA IMPLANTACIÓN, POSTA EN MARCHA E XESTIÓN DUN PLAN DE PENSIÓNS PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante concurso con procedemento aberto dos servicios consistentes na implantación posta en marcha e xestión dun Plan de Pensións para o persoal da Deputación Provincial da Coruña.

A achega da deputación con cargo ó orzamento do ano 2002 será a seguinte:

<i>PERSOAL</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</i>
Funcionario	135.170	0203/313B/162.04
Laboral	57.930	0203/313B/163.04

2.-Convocar o correspondente concurso con procedemento aberto.”

20.- APROBACIÓN INCREMENTO DAS DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS COMO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Neste punto en concreto vén o acordo do incremento do complemento de productividade do persoal nunha cantidade que é maior..., é dicir, é o máis do dobre do que estaba previsto para este ano 2002. É coñecido o que pensa o grupo do BNG respecto ó complemento de productividade adicional, no senso de que non estamos de acordo con este concepto, e nosoutros, desde o punto de vista salarial, iríamos a facer outro tipo de pagamento respecto ó que se contemplaba no apartado anterior, é dicir, fixando e facendo unha valoración de postos de traballo, e primando que poida ser o complemento específico e o complemento de destino. En todo caso a xustificación que vén dada por este incremento é polos traballos extras que se tiveron que facer ó longo deste ano pola reconversión das pesetas ós euros, recoñecendo que, efectivamente, esta corporación, como tódalas entidades e empresas que estiveron incursas nesta reconversión tiveron que facer un traballo extra, pois imos cambiar o que é o noso posicionamento normal de estar en contra por unha abstención. E fundamentalmente tamén por unha cousa: cuantifícase, pero non se nos achega a listaxe dos funcionarios e persoal laboral desta deputación que vai cobrar e váiselle cuantificar estas horas extras. Evidentemente, nosoutros queríamos ter esta listaxe diante para saber se evidentemente este incremento é produto deste traballo ou produto doutras cousas.

En todo caso, é abstención neste punto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o incremento de 429.000,00 € na cantidade global asignada a complemento de produtividade ós funcionarios e o incremento de 90.100,00 € na cantidade asignada a complemento de produtividade do persoal laboral, quedando establecidas en 819.660,00 € e 150.200,00 € para o persoal funcionario e laboral, respectivamente, para o conxunto do exercicio 2002.”

21.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DO VICETESOUREIRO DESTA DEPUTACIÓN.

Dáse conta ó Pleno da Corporación da Resolución da Presidencia núm. 15236, do 9 de outubro de 2002, pola que adxudica a D^a Ana María Fernández Rodríguez, NRP 5071671835A3014, o posto de traballo de viceteseira desta Deputación provincial, reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.”

(Sae o Sr. Mirás Franqueira).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. presidente

Hai dúas mocións do BNG, a primeira relativa á rede viaria desta deputación.

Sr. Rodríguez Doval

Quero entender que a maioría de compañeiras e compañeiros coñecen o contido da moción, e polo tanto nesta explicación, que levará -agardamos- consigo a declaración de urxencia para que poidamos debater o trasfondo, pois quería en todo caso ser moi breve. Volvo ó punto do expediente de modificación de créditos, e digo que tan importantes son as partidas económicas que ó final achegamos para determinados servizos, neste caso da rede viaria para nosoutros é fundamental, digo que tan importantes son as partidas económicas como os criterios cos que despois facemos os investimentos. Eu creo que no debate que temos nesta institución é sempre reiterado a necesidade de pór encima da mesa, de debater, de abrir as diferentes ideas que poida haber, a posibilidade de algo que nosoutros consideramos necesario, que é que esta institución, que como se apunta no contido da moción ten máis do 50% do total da rede viaria no ámbito da provincia da Coruña, a deputación refírome, de que esta institución se dote dun mecanismo que á marxe dos movementos políticos que poida haber, permita que tódolos investimentos que se fagan en materia de estradas estean adaptadas, ou estean referenciadas, por unha serie de criterios

que nosoutros pensamos que son básicos, como é fundamentalmente o estado da rede viaria, o número de quilómetros, sinalización vertical ou horizontal, etc., etc.

E o primeiro que teño que dicir é que a nosa proposta é unha proposta, como se pode ver no capítulo das conclusións e das propostas que se queren facer, ou dos acordos que se propoñen, é unha proposta aberta, non nos cerramos porque nin falamos de cifras, nin falamos absolutamente mesmo nin de prazos, nosoutros somos favorables a que se encarrile o debate que aquí tivemos, por certo no que sempre coincidimos, eu faría un chamamento a que se fixera un esforzo en revisar as actas, soamente as deste ano, e ver que os tres grupos coincidimos en que sería bo chegar a un punto de acordo en torno a cómo se ten que desenvolver un plan de estradas, incluso con esa vontade de permanencia, por riba dos que esteamos aquí, que hoxe estamos e mañá non estamos, e non será tan difícil que haxa acordos e criterios básicos, que por outra parte vanse referenciar en cousas que están definidas incluso fóra de aquí, que é o estudio que se fai sobre o número de vehículos que pasan, etc., etc.

Polo tanto, con ese carácter aberto, nosoutros pensamos que era o momento idóneo para que, en lugar de perder o tempo en coincidir na teoría, pero despois non aplicalo na práctica, que coincidamos na teoría, e tamén que consigamos aplicalo na práctica. Pensamos que ademais era un momento bo, primeiro: porque hai un debate reiterado, que aínda hoxe saíu aquí; segundo: porque hai unha oportunidade porque os orzamentos do vindeiro ano estarán en fase de preparación ou de execución; e naturalmente, porque ademais a nosoutros parécenos que tamén será un bo momento para debater sobre algo que, aínda que ás veces, falamos, nunca entramos, que é a necesidade dunha coordinación con outro tipo de institucións para resolver un problema que se nos presenta aquí moitas veces, e que foi incluso titular, eu creo que para esperpento de tódalas institucións, foi titular nalgún caso nos medios de comunicación, que é unha estrada que corresponde competencialmente a tres Administracións, e que por falta de acordo, pois un ten douscentos metros, outro ten trescentos, outro ten catro quilómetros, e no que decide facer a obra é o que ten douscentos metros, non se entende co que ten trescentos, e non se sabe nin quen é o que ten os catro quilómetros. Máis dun caso hai nesta casa. E obrigáramos tamén a facer algo, por certo que eu xa teño falado ó pouco de entrar nesta corporación, no ano 87, que era a necesidade de facer un plan de estradas, coordinando coa propia Administración autonómica e cos concellos, mesmo a facer renegociacións no tocante á titularidade de determinadas estradas que están en pleno casco urbano e que son competencia da Deputación da Coruña, e outras que non pintan nada en competencia dos concellos e que mesmo puideran pasar á rede provincial ou autonómica.

Entón, aquí do que se está falando nos catro acordos que propoñemos é simplemente de iniciar vías, se ve que non se cerra, nosoutros non acoutamos as posibilidades deste debate, pero en todo caso si que nos parecería unha boa maneira de

empezar a reconducir ese debate eterno que temos aquí, que parece que nunca chega a ningún lugar, de empezar a reconducilo en senso positivo.

Os catro puntos, como se pode ver aquí, son clarísimos, a elaboración con carácter técnico dun mapa, dunha radiografía da rede de estradas da deputación, para que teñamos o máis actualizado posible esa situación, establecer uns criterios básicos no tocante ó que sería máis urxente tratar, ponderando o que xa sabemos que hai que ponderar, o número de quilómetros, a situación do vial, etc., etc., e fixar cara ós orzamentos de 2003, a necesidade dunha maior achega, e despois, que é ó que me acabo de referir ultimamente, que é tan importante como o primeiro, establecer negociación coa Administración autonómica e os concellos para que aí se poida dar unha actuación coa maior coordinación posible.

E termino con algo que saía a debate, paréceme que foi no último pleno, a luz dun dato que daba o Sr. Lagares de que pasara por unha estrada, que había silvas a unha banda e á outra que practicamente cubrían todo, e o Sr. Erias díxolle: “pero estaba asfaltada ¿non?” Pois nosoutros dicímoslle: queremos que estea asfaltada, queremos que estea limpa; e queremos que haxa tamén seguridade vial.

Neste punto de encontro é o que nosoutros propoñemos poñernos a traballar con esta moción, que non ten máis senso que autoregularnos e autoconvencernos de que temos que facer este traballo canto antes. Neste senso, pediría o voto favorable, tanto á urxencia da moción como tamén o propio contido, porque é un punto de arranque, non é un fin en si mesmo.

Procédese a votar a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (9 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 15 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

Decae a urxencia, e pasa á Comisión de Vías e Obras para o estudo profundo desta moción.

A seguinte moción tamén é do Bloque Nacionalista Galego, en relación cos tributos do Estado.

Sr. Rodríguez Doval

Visto que a rede de estradas non é urxente, pois non sei se os emigrantes, que nin sequera están aquí e non os podemos ver, serán urxentes, pero ben, vou defender con vehemencia e con moito interese o contido desta moción, que tamén como á que antes me referín, supoño que coñecerán tódalas compañeiras e compañeiros.

En síntese, do que se trata aquí, máis que de resolver un problema que sabemos que non é competencia desta deputación, de tomar parte nun debate que a nosoutros nos parece fundamental como é, estase suscitando agora precisamente, e eu penso que a propia comunidade autónoma aí está facendo un traballo de campo importante, que haberá que ver como se concreta despois, pero que se refire á posibilidade, e mesmo á necesidade de recuperación de todo ese esforzo, non soamente humano, senón intelectual, que se nos foi do país por circunstancias que sabemos, e que agora sería bo ademais que o país puidera recuperalo, para ben deles e para ben tamén do conxunto do país.

Un dos temas que a nosoutros nos parece importante neste caso é precisamente o impacto que ten a colonia de residentes ausentes, que en certa maneira esa propia denominación de residentes ausentes eu creo que explicita bastante ben que son galegos e galegas que están, pero non están, non se sabe moi ben. E a nosoutros parécenos que é unha consideración importante que habería que facer, porque este tipo de fenómenos tamén ten un impacto de tipo económico, e que o estado tivera en conta precisamente a singularidade dun país coma o noso, que ten unha gran colonia de centos de miles de mulleres e homes que están fóra, pero que forman, en certa maneira, e na práctica tamén, parte do país, pois precisamente a súa contribución económica. A nosoutros parécenos que nese cadro que achegamos no contido desta moción, que é un cadro que non ten máis ca un carácter orientativo, o tema do fondo é outro, apúntase claramente cál podería ser a situación se o estado tivera en conta precisamente todo ese corpo humano que está pero non está, á hora precisamente da contribución dos tributos do Estado coas corporacións locais. Incluso faise unha estimación tendo en conta un volume de diñeiro que puideran vir para a comunidade autónoma, e o que sería o reparto por dicilo dalgunha maneira, de carácter provincial, tendo en conta a distribución do total de residentes ausentes, e a correspondente á provincia da Coruña.

Conclúese cunha serie de propostas que son reclamacións, e polo tanto non implican nin contribución económica nin á Deputación da Coruña, senón demanda de carácter político, no senso de instar do Goberno do Estado a que teña en conta a poboación dos residentes ausentes para efectos de participación nos tributos do Estado, de cara ás corporacións locais, tamén unha chamada a que a propia comunidade autónoma, que parece que neste tema leva avanzando, xa digo, neste traballo de campo, algo máis, para que iso tamén se efectúe.

É unha reclamación de carácter político, non se trata, igual cá proposta anterior, de tomar cartas efectivas no asunto, pero tamén, tendo en conta que nos estamos movendo nun ámbito de 94 concellos no conxunto da provincia da Coruña, e sendo este o tema da emigración unha cuestión que eu creo que a ninguén dos que estamos aquí se nos escapa, pois pensamos que tamén sería unha boa ocasión de que a deputación da Coruña manifestara esta pretensión diante do goberno central. Moitas grazas.

Sr. presidente

Moitas grazas, Sr. Rodríguez Doval, por suposto que a nosa rede viaria provincial ten a súa urxencia aí ese plan de estradas, importante, aí está ese plan de conservación, eu tamén entendo que a súa moción ten o seu interese e debe estudiarse profundamente na comisión correspondente, se é necesario en máis dunha comisión pois así se fará.

Procédese á votación da urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 4 deputados (BNG)

Votan en contra: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. presidente

Decae a urxencia da moción, e pasa á Comisión de Facenda.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Hai unha pregunta da Sra. Candocia referida á remodelación do “Cruzamento da Bola” na estrada Bertamiráns-Osebe.

Sra. Candocia Pita

Aínda que tamén se pide que se dea conta por escrito, en calquera caso si teño interese en enunciala. É na estrada provincial que vai de Bertamiráns a Osebe no territorio do concello de Ames, un orzamento denominado “Cruzamento da Bola”, que está nun cambio de rasante, que hai moitos problemas de visibilidade, que é unha estrada moi transitada, porque en primeiro lugar a estrada que vai de Bertamiráns a Osebe é a que se utiliza tanto para unir a estrada de Noia coa estrada de Pontevedra, desde o núcleo de Bertamiráns,

como para, da outra banda, é a conexión Rois-Santiago. Polo tanto, é unha estrada moi transitada, e ademais moi transitada porque une moitos núcleos de poboación, non só polos puntos de destino. En calquera caso, hai moitísimos accidentes nese punto, tense así constatado, e nosoutros no seu momento, cando o BNG presentou unha moción a nivel local para facer demandas das estradas da deputación o alcalde dixo que estaban cubertas tódalas necesidades, neste senso queremos saber se logo está tamén incluído nalgún plan da deputación a remodelación do “Cruzamento da Bola”, ou a busca de solucións técnicas. No caso de que así sexa, preguntamos qué solución técnica se deu para resolver este grave problema de seguridade vial que é frecuente que se dea alí, e preguntamos tamén que orzamento ten e a cargo de qué plan está. En calquera caso, en caso de non estar incluída en ningún plan da deputación, pedimos que se meta, cando menos, nese programa de obras que se fixo hai pouco, que se engada, e tamén que a teña a deputación como unha obra necesaria para arranxar canto antes e se meta nun plan. Estas son as dúas cuestións, unha pregunta e un rogo respecto ó tema do “Cruzamento da Bola”.

Xa que estou no uso da palabra, se me permite, porque teño outra pregunta *in voce*, a min gustaríame saber en que estado está actualmente a obra do club de piragüismo Ribeiras do Tambre, que levo facendo desde que me inaugurei como deputada provincial, eu xa sei que estará todo o mundo canso do tema, e é lamentable que teña que o repetir aquí tantas veces porque pasaron tres anos e as cousas seguen sen resolverse. Entón, pregunto en qué situación está neste momento, se ten trazas de solución, senón, se a obra está recomenzada, ou se non está recomenzada, cando se pensa finalizar, e estas cuestións. Máis nada. Gracias.

Sr. presidente

Moitas gracias. Con relación á primeira pregunta, polo “Cruzamento da Bola” téñolle que informar que non está en ningún plan neste momento, nin está previsto, independentemente de que sexa un cruzamento que está nun cambio de rasante, como ben dixo vostede, pois non temos información ningunha de que sexa un “punto negro” de accidentes. De tódalas formas, vostede ben sabe que estamos asinando uns convenios anuais coa Dirección Xeral de Tráfico, onde xa asinamos este ano un convenio, xa puxemos 50 millóns de pesetas cada Administración para solventar eses “puntos negros” que eles cren primordiais. Neste senso, faremoslle unha pregunta á Dirección Xeral de Tráfico sobre se considera que ese “Cruzamento da Bola” é un “punto negro” para actuar inmediatamente nel a través dese convenio. Iso é o que imos facer e creo que é o máis oportuno.

Tocante ó club de piragüismo, pois se lle digo a verdade neste momento non sei como está, pero contestarémolle por escrito con todo detalle de cómo está esa obra do club de piragüismo, que a verdade é que se está demorando bastante.

Sr. presidente

A segunda pregunta é de dona Margarida Vázquez con relación á estrada 5812 Porto de Sta. Cruz-Meirás.

Sra. Vázquez Veras

A pregunta é moi sinxela e vai cunha introducción na que di que as carencias das vías provinciais son obxecto continuo de preocupación por parte dos deputados e deputadas deste pleno provincial. A estrada á que se refire a pregunta é unha estrada que une o Porto do Sta. Cruz con Meirás, entre os concellos de Oleiros e Sada, nunha zona que se está urbanizando aceleradamente, é unha zona de moito tránsito porque une zonas turísticas, como pode ser toda a zona costeira de Oleiros e Sada, e é unha estrada nunhas condicións fatais o que pode ser o trazado para aguantar tanto densidade de tránsito, como perigosidade para os peóns que utilizan a estrada.

A pregunta é si existe algún proxecto para mellorar as condicións nesta estrada, con que orzamento se conta, e en que prazo se ten pensado acometer o proxecto.

Sr. presidente

Esta é unha rede secundaria, e como ben sabe vostede neste momento estamos actuando fortemente na rede primaria, concretamente nese punto da estrada de Oleiros a Sada, que se están facendo unha actuación como tal rede primaria, e desde logo sen esquecer a conservación destas estradas secundarias, eu o informe que teño é que ten un ancho medio de seis metros, máis ou menos, que o informe está relativamente ben, que a súa sinalización vertical está normal. De tódalas formas, no Plan de conservación de estradas vaise actuar nunha lonxitude de dous quilómetros. Esas son as actuacións que hai de momento, e cando teñamos xa un pouco en marcha, dalgunha forma xa avanzado nas estradas primarias, actuaremos fortemente tamén nas secundarias.

A seguinte pregunta tamén é súa, sobre a piscina cuberta na Barcala-Cambre, sobre a data en que se abrirá ó público.

Sra. Vázquez Veras

Non é unha pregunta; é un rogo. Vén referido á situación que neste momento se vive no concello de Cambre pola non posta en utilización da piscina cuberta da Barcala, unha piscina que entra dentro das obras do Plan de infraestructuras 2000, que xa se construiu con retraso, e a sorpresa é que desde mediados do ano pasado, cando se fixo a primeira recepción das obras, os técnicos municipais do concello, cando fixeron a inspección

encontráronse con moitas deficiencias no que é a construción. entón iso motivou que o concello de Cambre se dirixira en varias ocasións á deputación para tratar de solventar todos estes vicios e para que a piscina se puxera en funcionamento. e ata o momento non se conseguiu. Entón, non é unha pregunta; é un rogo: que por parte da deputación e do concello se chegue a un acordo para que a piscina se abra ó público inmediatamente, ou o antes posible, entendendo o grupo do BNG que, evidentemente, quen ten a responsabilidade da obra é a deputación, posto que as bases do Plan de infraestructuras era quen facía o proxecto, dirixía as obras, e en todo caso o concello de Cambre o único que tiña era unha achega ó orzamento total da obra.

O rogo é que se chegue canto antes a un acordo para que a piscina poida ser aberta ó público.

Sr. presidente

Eu o que lle podoo dicir é que tanto o concello de Cambre como esta deputación ten o máximo interese, como é lóxico, de que esa piscina funcione canto antes e estea ó servizo de tódolos veciños de Cambre, ou das proximidades, que queiran ir a ela. É unha obra que si tivo as súas demoras, pero ás veces surxen problemas, por exemplo a enerxía, neste caso, o gas, que se quere utilizar alí, en principio estaba previsto o gas natural; non foi posible, e entón cambiouse para o gas propano, e houbo que facer unhas modificacións para adaptalo a iso, e ben, ó pasar o tempo, pois as instalacións sempre se deterioran un pouquiño.

Eu o que lle podoo dicir é que neste momento, é unha casualidade, neste momento está todo ben revisado, fixéronse tódalas probas en tódalas instalacións, había unha fuga na bomba de calor, que está correxida e hoxe mesmo vai saír unha carta ó alcalde de Cambre que a piscina, entende a deputación, que está lista para ser recibida polo concello e canto antes poñela a disposición de tódolos veciños, que creo que é a vontade, tanto do concello como desta deputación.

Había unha documentación, que non sei se se mandou á Sra. Candocia, sobre as beirarrúas de Exipto-Abanqueiro-Boiro. Xa a ten lista. Hai algunha documentación tamén que se lle mandará á Sra. Margarida Vázquez. Se hai algún rogo ou unha pregunta máis...

Sra. Santiago López

Teño unha pregunta e un rogo. Se mo permite, farei dúas cousas a un tempo. A pregunta é que nos gustaría que nos clarificaran se unha obra en concreto, que é a actuación sobre o cruceiro da igrexa de Atragonte, en Paderne, está incluída dentro do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular, porque consta no noso poder un informe da Xunta de Galicia que fai referencia precisamente a esta obra. Nembargantes, cando miramos a listaxe

de obras que o concello de Paderne ten dentro deste programa non aparece esta obra. Entón, pois gustaríanos saber se está incluída dentro deste plan, ou en cál plan desta deputación está esta obra en cuestión. Se é posible, gustaríanos ter unha confirmación documental sobre ela.

E o rogo en cuestión é que lle pediría encarecidamente que se investigase ese “triángulo das bermudas” onde se perden tódalas solicitudes de información deste grupo en concreto. Estoume referindo, por exemplo, á documentación solicitada xa en xuño do ano pasado sobre un informe do fogar infantil, por exemplo, ou á información reiteradamente solicitada da copia das subvencións que esta deputación concede ós concellos e ás sociedades, ou por exemplo, ó tratamento dalgunha moción que este grupo ten presentado, estámonos referindo á moción que presentabamos tamén o ano pasdo, a principios creo, sobre normalización lingüística, aínda que ben, é moi de agradecer que por fin se tomen en consideración algunhas das propostas que se facían dentro desa moción. Por favor que non se perdan dentro dese “triángulo das Bermudas”, e a ser posible que a información nos chegue nalgún momento desta lexislatura. Gracias.

Sr. presidente

Con relación a ese cruceiro informaráselle documentalmente, neste momento non a podo informar, por suposto, pero por escrito, e mandando a documentación oportuna, informaráselle. Mirarei o problema dese “triángulo das Bermudas”, pero como ben sabe vostede, tódalas resolucións desta Presidencia, neste caso as subvencións ás entidades, están abertas a calquera cidadán, e cómo non van estar a disposición dun deputado desta cámara.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as catorce hroas e cinco minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.